

**Ponteareas solicita a
declaración de BIC para
o Corpus**

Páxina 9

**Mistura Vocal gaña o
V Certame Galego de
Corais "Vila de Arbo"**

Páxina 16

Festival de Cans 2017

Páxina 13

**Pontón propón impulsar
o banco de terras no
Baixo Miño**

Páxina 22

**O BNG pide o acceso sur
ao peirao de A Guarda**

Páxina 25

**Fronte común de
Deputación, concellos e
Cámaras pola mobilidade**

Páxina 27

**Nova sede da Eurocidade
Monção-Salvaterra**

Páxina 29



O Colexio Plurilingüe “La Inmaculada” de Ponteareas galardoado co Premio Galicia á Excelencia Educativa 2017

Páxina 4



CONFITERIA ANCLA

TELÉF.: 986 64 18 74
CTRA. RIBADETEA
BARRIO PUENTE
PONTEAREAS - PONTEVEDRA

ROSQUILLAS Y MELINDRES



OPINIÓ

Por Ramón Coira Luaces

Luis Seoane

“A Galicia debo, penso, case todo o que se refire a miña formación intelectual, que foi facéndose de cultura popular herdada”. Son palabras de Luís Seoane, que naceu en Bos Aires en 1910, nun fogar de emigrantes galegos procedentes de Arca (localidade situada entre Arzúa e Santiago). Cursa o Bacharelato en Santiago de Compostela e despois Dereito, tamén en Compostela, onde destaca como activista estudantil -idealista e radical- da FUE, sindicato da mocidade universitaria. Participa nas tertulias de Carlos Maside e trabaza amizade tamén con Anxel Fole e Álvaro Cunqueiro. Colabora, entre outras, coa revista Nós. En 1933, rematada a carreira, ingresa no Partido Galeguista. Deseñou un cartel para a campaña a favor do Estatuto de Autonomía, ao igual que outros artistas. Tras o triunfo do levantamento fascista, pasa clandestinamente a Portugal e embarca en Lisboa cara o exilio. Tiña 26 anos. Di: “Desagarrado, saín da longa noite en que te sumiron, Galiza”. En

xullo de 1937 publica o seu primeiro libro: Trece estampas de la traición (no que fustiga aos militares que se s levan- taron contra a República) e, para informar da axuda dos emigrantes galegos á Repú- blica, edita con Xosé Núñez Búa o xornal



bilingüe Galicia Libre. Colabora tamén con varios xornais e dirixe a revista Galicia, do Centro Galego de Bos Aires. Publica álbums de gravados. En 1944 funda con Arturo Cuadrado a Editorial Nova, que edita -entre outros- o libro de debuxos Homenaje a la Torre de Hércules. No exilio faise decididamente pintor de óleos. Viaxa coa súa dona por Europa e coñece a Picasso en París e a Henry Moore en Londres. Maruxa Fernández lembra que pasaron por Vigo: “Desembarcamos para comer. Alí estaban esperándonos Maside, Álvarez Blazquez, Paz Andrade, Paco del Riego,... Todos quedaron fichados na policía”.

Cando morre Castelao en 1950, Seoane ocúpase do número extraordinario que lle adica A Nosa Terra. Organiza unha exposición de arte galega no Centro Galego. E, en 1952 inicia o seu ciclo poético con Fardel de exiliado. Dous anos despois funda a revista Galicia emigrante. Pinta murais, ilustra libros, expón en Nueva York, publica o libro de poemas Na Brétima Sant-Iago, funda a editorial Citania, publica dúas obras de teatro, organiza exposicións, audicións radiofónicas,...

En 1963, despois de 27 anos de exilio, regresa a Galicia, vixiado pola policía. Ese mesmo ano é o da execución do militante comunista Juan Grimau, que lle inspira o cadro O caído. Expón en Madrid máis de cen obras, en Bonn e en Bos Aires.

É designado como numerario da Academia Argentina de Bellas Artes. En 1968 funda con Isaac Díaz Pardo o Laboratorio de Formas de Galicia e dous anos máis tarde inagúrase a



Fábrica de Sargadelos de cerámica. Morre en Coruña en 1979. Recibe numerosas homenaxes póstumas e en 1993 a RAG adícalle o Día das Letras Galegas. Non hai moito tiveron a sorte de ver coa familia unha exposición de obras súas en Vigo. Luís Seoane pertence a xeración dos renovadores da arte galega, un grupo de artistas (Carlos Maside, Arturo Souto, Manuel Torres, Manuel Colmeiro, Cándido Fdez. Mazas e Laxeiro) que introducen as vangardas artísticas, pero deixándose influenciar pola arte popular galega. Do seu estilo dicía: “Para min defendo unha especie de realismo expresionista”. Proba da sinceridade que acadou o seu compromiso social, os artistas galegos padecen a represión fascista, sendo uns fusilados (Camilo Díaz Baliño, Francisco Miguel, Luís Huici) e outros exiliados fóra do país (Castelao, Seoane, Souto, Fdez. Granell, Maruxa Mallo, Colmeiro) ou dentro, malvivindo o exilio interior (Maside, Fdez. Mazas, Álvaro Cebreiro, Urbano Lugués). Di Seoane: “A miña pintura componse de medios elementais e de cores fortes e vivas”. Según Xulio Cuba, as súas mulleres son emblemas. Ten obra en importantes museos do mundo e, en Galiza, no Museo Castrelos de Vigo, no de Pontevedra, no Carlos Maside e no de Belas Artes da Coruña.

Por Manuel Estévez

Alen do Tamuxe

Na lembranza, The Trokys

Xiraba o vinilo sobre o prato e polos autofalantes a voz e os ritmos dos músicos de Liverpool “Hey Jude” ou mesmo aqueloutro tema “Monia” na voz de Peter Holm, amboslosdous e outros de longa duración, colocados aposta, para bailar pegados a media luz, con aquelas nenas rosaleiras, despois de saír na súa compañía a fin do serán do Cine de Pías

Celebrábanse os guateques, na rúa hoxe, Xesús Noia, naquel local outrora “O Palleiro”, tamen de ensaio, decorado con posters dos artistas do momento e igualmente un cartaz con caras, daqueles cinco mozos do Val do Tamuxe, Moncho, Florindo, Ne, Kiko e Samuel ou mesmo dicir “The Trokys”, ilustrado polo xefe da banda o inesquecible polifacético de Pancenteo.

Unha formación atrevida naquela altura. Algúns deles tiveran experiencias con o teatro na representación da obra “O médico a paus” de Moliere e a partir dese momento, intentaron musicar, poemas de

Rosalía de Castro e outros vates galegos.

*Don Ramón, don Ramonciño/
Don Ramón de Valle-Inclán/
como chove moiudiño/
que mollado está o chan/
ou aqueloutro
Venderonlle os bois/
Venderonlle as vacas/
o pote do caldo/
e as mantas da cama/*

A idea non desacertada, mais o problema, que ninguén sabía música, excepto algúns dos integrantes que recibían naquela altura, leccións de solfexo, dos inesquecibles Alfonso Estévez e Celso Domínguez ou mesmo dicir “Satiro” e “Cabrías”, este último compoñente do grupo musico-vocal “Os Bambinos”.

Sexa como for, aqueles rapazotes, chegaron a tocar no Urgal (Bº de A Lomba), na compañía de Xesús -O Cego-, (acordionista) e Gabiño, (caixa), durante a festividade de San Xoán, a beira do Tamuxe ao



que chegaran numerosos veciños e amigos, para disfrutar do acontecemento. Igualmente, subiran o palco en Fornelos na celebración do Antroido e mesmo unha noite foran convidados para compartir escenario

na Sala de Festas de Santa Maria de Oia con a orquestra de Manuel Muñiz, Compostela e a voz de Miguel Torres.

Non poido ser, pois no intermedio, foise a luz. Cousa de bruxas.

EDITORIAL

Por: Guillermo Rodríguez

Director



Día 17 de maio: Letras Galegas

Dende sempre celebramos o noso santo, segundo o santoral romano (aínda que agora existen un montón de nomes que non figuran aí); tamén celebramos o noso cumpreanos (algúns con toda a pomposidade) e tamén celebramos o Día das Letras Galegas.

Nos dous primeiros casos a cousa non deixa de ser un costume, nin bo nin mau, un costume simplemente. Nós imos seguir chamándonos polo nome que nos impuxeron (porque nada nos preguntaron) e imos seguir cumprindo anos queiramos ou non. É lei de vida. No caso Das Letras Galegas a cousa xa é máis seria. Aquí celebramos un día ao ano como se o resto do ano (permítanme a redundancia) as letras galegas tiveran, o mesmo que cada un de nós, unha existencia permanente e continuada nas nosas vidas. É non é así, obviamente. Este Día das Letras Galegas é único en todo ano. Parece que o idioma só servira para unha Festa anual, como as que celebramos na honra dos nosos santos ou de efemérides

determinadas. Un día no que se dan sedudas conferencias, se editan libros, os xornais dedícanlle as portadas, para non crear adicción, etc., etc.

Toda unha vergoña e falta de honestidade. O resto do ano a pobre lingua, coma o coronel da novela, non ten que se lembrar dela; agás “catro tolos” que poden ser uns radicais que só lles gusta levar a contraria á maioría dos cidadáns, ou catro “vellos mariñeiros ou labregos” dos que, na súa maioría proceden da aldea galega, e seguen utilizando o seu propio idioma. Estes celébranos cada día, non teñen unha data concreta para honrar a súa propia lingua, a lingua que falan e que “mamaron” de pequenos. Claro que deses xa imos quedando poucos. A cronoloxía vén sendo tamén unha inimiga directa da lingua galega.

Asistimos a debates de “moita altura”; conferencias e discusións de todo tipo. Hai que recoñecer que temos un corpus lingüístico de moita “enjundia”, que diría en castizo. Viven diso, téñeno, na maioría

dos casos, como a súa única profesión pola que o Estado lles paga.

O resto do ano a lingua galega é “un anacronismo de sentimentais” que non están neste mundo da cibernética, da robótica, dos debuxos animados e de monstruos premonitorios. Écheselle a boca dicindo que “hai que salvar ao galego”, como se fora o soldado Ryan. Culpan aos poderes públicos de que a nosa lingua se vaia extinguindo lenta pero inexorablemente. As novas camadas, que diría o Beiras, son castelán-falantes porque mola máis. Porque iso dos valores dunha lingua como expresión xenuína dun pobo, dunha cultura, non vai con eles/as. Hoxe o que hai que facer é saber inglés, alemán (a Merkel é todo un sex símbolo) e chino ou xaponés. La pela es la pela, que dirían os cataláns que, curiosamente, disto dannos leccións. Eles defenden a “pela”, non faltaría máis, pero ao seu idioma que non lle toquen. Velaí están enfrontados co Goberno Central para acadar maior autonomía, e

aínda soberanía, se se terciar, pero facéndoo en catalán. Ata o ínclito Aznar, nos seus tempos de Presidente do goberno español, presumía de falalo na intimidade. Habería que preguntarlle á súa dona que tal se expresaba nesa intimidade.

Día 17 de maio, de cada ano, Día das Letras Galegas. Resto do ano? Hai que ser prácticos e deixarse de tonterías, de sentimentalismos, de anacronismos.


Que vergoña!! Que ñorancia!! Como se existiran categorías entre as linguas. Pero este é o noso País; esta é a nosa Nazón de Breogán, que acorda do seu sono e volta a durmir “ipso facto”.

Que vdes. o falen ben!! Non esquezan o importante; fíxense no que fan os nosos gobernantes, os nosos xornais importantes, os nosos profesionais do ensino, da cátedra, da empresa... Eses si que saben. Fáganlle caso, por favor. Vailles a vida niso. A Galicia de sempre por faña de galegos “bos e xenerosos” vai esmorecendo pouco a pouco.

HUMOR

MARTIRENA

O CARABOUXO


NOVAS de TURONIO
 Xornal galego da Área Metropolitana de Vigo

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
 T. 658 58 50 49
 guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
 cursosespanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
 Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
 (36860 PONTEAREAS - GALIZA)
 T. 986 64 12 69

redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Dpto. propio e axencias
 publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luis Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS

O Colexio Plurilingüe “La Inmaculada” galardoadado co Premio Galicia á Excelencia Educativa 2017

A Federación Autonómica de Centros de Ensino Privado (CECE) acaba de conceder ó Colexio Plurilingüe La Inmaculada o Premio Galicia Excelencia Educativa 2017.

O centro é merecedor desta distinción pola súa traxectoria e labor docente dende 1901 promovendo a formación integral dos alumnos.

Os criterios da comisión avaliadora para conceder este galardón baséanse en ser exemplo de excelencia educativa promovendo a formación intelectual, emocional e a formación en valores dos alumnos.

Neste senso, o colexio de La Inmaculada leva a cabo múlti-

ples proxectos dende diferentes ámbitos:

Proxectos solidarios. Dende 2005 mantén unha relación de irmandade coas Escolas Fe y Alegría de Guatemala consistente en achegar becas a nenas para acadar os estudos de primaria. Para conseguir os recursos necesarios para estas becas fanse actividades como mercadiños, carreiras solidarias... nas que a comunidade educativa implícase de cheo. Promove campañas de recollida de alimentos, roupa e tapóns colaborando con organizacións como Cáritas, asociación Solidaridade Galega co Pobo Saharauí e outras de Ponteareas. Dentro deste ámbito so-

lidario o departamento de Orientación coordina proxectos de sensibilización de diferente tipo como autismo, bullying, violencia de xénero e colabora con asociación como Cogami, ONCE...

Proxectos de prevención organizando obradoiros e charlas en temas relacionados co alcol, drogas, perigos das redes sociais, internet, lume... impartidas por profesionais de cada ámbito que se achegan ao centro.

Proxectos de respecto e coadado da natureza. Neste apartado cabe sinalar o premio provincial Voz Natura obtido no ano 2010. Dende hai anos o centro leva a cabo un proxecto de reforestación do monte Picaraña en



colaboración coa Comunidade de Montes de Ponteareas. E no propio centro contan cunha horta ecolóxica, invernadoiro, xardín de plantas aromáticas, xardín das bolboretas e unha lagoa artificial, todo elo construído polo propio alumnado.

Proxectos tecnolóxicos. Os alumnos de 3º e 4º de ESO editan dende o ano 2005 tres xornais dixitais “Ecos da Picaraña”, “O Trobador do Tea” e “Tea Times” cos que teñen acadado a posición de finalistas galegos en seis oca-

sións no Concurso El País de los Estudiantes.

Tamén contan coa edición da revista Xermolo que este ano acada a súa edición número 17 e na que se recollen traballos e fotografías dos eventos máis salientables do curso.

Nesta aposta polas novas tecnoloxías o centro ten encerrados dixitais en todas as aulas.

Proxectos de sensibilización artística. Para incentivar a creatividade dos alumnos o centro participa cada ano en concursos de deseño como “Deseña unha xoia para a túa nai” ou “Qué es un rey para ti” no que resultou gañador e finalista en diversas ocasións. Concurso literarios como o de Relatos Curtos de Coca Cola no que este curso dúas alumnas de 2º ESO acaban de ser finalistas provinciais.

Proxectos plurilingües. O colexio La Inmaculada é un centro plurilingüe de tal xeito que os alumnos reciben clases en galego, castelán, francés e inglés con apoio de profesores nativos.

Este bo facer foi recoñecido polo concello de Ponteareas na concesión no ano 2014 do Premio do Concello de Ponteareas pola súa labor social na Vila de Ponteareas na que é un centro de referencia dende 1901.

O Premio Galicia Excelencia Educativa será entregado polo Concelleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o vindeiro 27 de maio na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.



FUCO PRADO



PONTEAREAS

Xosé Represas é designado pola FEGAMP como representante titular na Comisión Superior de Urbanismo de Galicia

O alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, será un dos catro alcaldes galegos que formen parte da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia, en calidade de representante titular da Fegamp no seo deste organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

O secretario xeral da Federación Galega de Municipios e Provincias, Eduardo Ramonde Rodríguez, así o comunicaba ao rexedor ponteareán nun escrito con data do 5 de abril. Xosé Represas convértese, deste xeito, no representante na Comisión Superior de Urbanismo de Galicia, dos concellos galegos con poboación entre 20.001 e 50.000 habitantes. Os outros tres alcaldes elixidos pola Fegamp, representarán aos concellos con poboacións de menos de 5.000 habitantes; de 5.000 a 20.000 habitantes e de máis de 50.000 habitantes.

Xosé Represas amosaba a súa satisfacción polo seu nomeamento "non só pola satisfacción persoal", explicaba o alcalde de ponteareán "senón porque é un

recoñecemento a importancia que Ponteareas ten non conxunto dos municipios galegos".

Salientaba Represas que Ponteareas representará, na Comisión Superior de Urbanismo de Galicia, "a concellos como Narón, Vilagarcía e mesmo Oleiros, situados entre os dez primeiros municipios de Galicia en número de habitantes".

A Comisión Superior de Urbanismo de Galicia é un órgano colexiado, de carácter consultivo en materia de urbanismo, adscrito á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

A Comisión está formada pola titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería, unha persoa representante por cada unha das consellerías da Xunta de Galicia con competencias con incidencia directa ou transversal nas cuestións urbanísticas obxecto de sometemento á Comisión Superior de Urbanismo; unha persoa representante da Axencia da Pro-



tección da Legalidade Urbanística e outra do Instituto Galego da Vivenda e Solo; o/a titular da dirección da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia; os presidentes ou presidentas das catro Deputacións Provinciais; os catro alcaldes elixidos pola Fegamp representantes dos concellos distribuídos por franxas de poboación; catro vogais elixidos pola Consellería e un vogal en representación de cada un dos colexios oficiais con competencias en temas urbanísticos.

Ponteareas acomete un ambicioso plan de limpeza de beirarrúas e zonas peonís

A Concellería de Medio Ambiente, que xestiona o alcalde Xosé Represas, vén de poñer en marcha un programa integral de limpeza de beirarrúas e zonas peonís que se desenvolverá durante todo o mes de maio.

O labor, iniciado xa pola empresa concesionaria Fomento de Construcións e Contratas, abranguerá todas as rúas e zonas peonís do núcleo urbano. O alcalde de Ponteareas e concelleiro de Medio Ambiente sinalaba que os traballos "permitirán que o casco urbano presente o seu mellor aspecto".

No mesmo sentido subliñaba que entre os labores que se realizarán "eliminarán non só a sucidade, senón tamén o verdello existente nas zonas máis sombrías das zonas peonís e espazos de lecer".

Fixo especial fincapé o rexedor ponteareán, no feito de que para os traballos a desenvolver, utilizarase a maquinaria



máis axeitada segundo a superficie de que se trate, "de xeito que algunhas zonas serán limpadas con auga a presión, mentres que noutras será precisa a utilización de decapadora".

En todo caso, asegurou Xosé Represas, "utilizaranse medios absolutamente respetuosos co medio ambiente".

Viñoteca
Eira Vella
viños, tostas, pulgas e demais ...

Rosalía de Castro 12 Baixo
Ponteareas
694 416 706

ASER GALICIA
CENTRO DE NEGOCIOS
ASESORÍA DE EMPRESAS

salvaterra@asergalicia.com 986 664 292
Curros Enríquez, 8 . Salvaterra de Miño
asesoria@asergalicia.com 986 640 015
Rúa Redondela, 11 . Ponteareas

RIVERO Casa
RESTAURANTE

Telf: 986 656 337 - MONDARIZ BALNEARIO

Panadería Pastelería
A Fogaza
Pan Artesano

Dario Bugallal, 7 Ponteareas
Telf: 886 15 52 49 - 661 95 84 79

GASOLEOS TEA
Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS 986 66 13 90
986 66 13 89
A GUARDA 986 61 43 61

REPSOL

CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS

O conservatorio de Ponteareas abre o prazo de inscrición para o curso 2017/2018

O prazo de inscricións rematará o día 31 de maio

O Conservatorio Profesional de Música de Ponteareas, dependente da Concellería de Ensino que dirixe Cristina Fernández Davila, abrirá o prazo de inscrición para o vindeiro curso escolar 2017/2018 o luns, 15 de maio.

A inscrición, tanto para o Ensino Elemental como profesional, estará aberto ata o mércores 31 de maio. As solicitudes deberán ser presentadas na secretaría do conservatorio en ho-



rario de tarde, de 16 horas a 19:30 horas.

A dirección do centro lembra que os alumnos e alumnas de

novo ingreso, deberán realizar unha proba previa de acceso, dependendo a data de realización do curso ao que aspiren.

Investimento de 40.000 euros no Conservatorio para evitar entradas de auga e humidades

O Concello de Ponteareas vén de dar por rematadas as obras que se desenvolvían no Conservatorio Municipal de cara a rematar cos problemas de filtracións de auga e humidades no interior das instalacións.

A solución proxectada dende a Oficina Técnica do Concello de

Ponteareas, explica a concelleira de Ensino, Cristina Fernández, consistiu na retirada da actual cuberta baixa para substituíla por unha nova, procedendo á impermeabilización do encontro da cuberta co módulo principal do edificio en todo o seu perímetro.

Os traballos, cun custe de

preto de 40.000 euros foron financiados con fondos propios do Concello e o Plan Concellos da Deputación.

Doutra banda, tamén desenvolveron obras nos baños e no exterior do edificio do a fin de erradicar as permanentes humidades ocasionadas polas filtracións en días de choiva.

Ponteareas abre un novo prazo de inscrición nas listas de substitución

O Boletín Oficial da Provincia publicou, o día 4 de maio, as bases xerais e específicas para a elaboración das listas de contratación de persoal laboral para o Concello de Ponteareas en diversas categorías. O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o vindeiro 24 de maio.

Aquelas persoas que, no seu momento, xa presentaran a súa solicitude na anterior convocatoria, publicada no BOP do 31-10-2016 non terán que presentar nova solicitude xa que se incorporan, de xeito automático, a este proceso. Si poderán, en cambio, achegar nova documentación aos méritos xa alegados.

A intención do Goberno local de Ponteareas ao convocar esta bolsa de emprego, explica o alcalde Xosé Represas, é a de "cubrir as necesidades temporais no Concello por baixas, acumulación de tarefas ou xubilacións" á espera que os postos sexan cubertos de forma definitiva.

As categorías ofertadas para estas listas de substitución e a titulación esixida para cada

unha delas son: Axudante de Cociña (Certificado de Estudos Primarios ou equivalente), Oficial 1ª Cociña (Técnico Superior en dirección de cocina ou equivalente), Auxiliar de Puericultura (Técnico Superior en Educación Infantil ou equivalente), Auxiliar de Clínica (Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermería ou equivalente), Camareiro/a-limpador/a (Certificado de Estudos Primarios ou equivalente), Conductor/a-Palista (Certificado de Estudos Primarios ou equivalente), Peón Grumir (Certificado de Estudos Primarios ou equivalente), Profesor/a de Música (Segundo a especialidade indicada nas bases ata un total de 15 especialidades).

Con este proceso, matiza Represas, o Goberno de Ponteareas "quere garantir a igualdade de oportunidades cun proceso de concorrencia competitiva con total transparencia". Deste xeito, remata o alcalde ponteareán, "todos os veciños terán a oportunidade de acceder a un posto de traballo en igualdade de oportunidades".

Curso federativo de monitor de fútbol base en Ponteareas.

A Federación Galega de Fútbol, a través da Escola Nacional de Adestradores e en colaboración coa Concellería de Deportes do Concello de Ponteareas, convocan o Curso federativo de monitor de fútbol base, que se celebrará en maio e xuño no municipio ponteareán.

Un total de 35 persoas poderán participar nesta convocatoria, asignándose a praza por orde de inscrición.

O alcalde, Xosé Represas, e mailo concelleiro de Deportes, Benito Márquez, recibiron na casa consistorial a visita do presidente da Escola Nacional de Adestradores, Manuel Mosquera, e do Coordinador dos cursos de monitor de fútbol base no Baixo Miño, José Luis Mosquera, presentando no Salón de Plenos o curso aos diversos clubs da zona.

O obxecto da convocatoria deste curso é completar a formación de Monitor de Fútbol Base, mediante as ensinanzas conducentes á obtención do Diploma Federativo. Este curso ten por finalidade proporcionar aos alumnos a formación que garanta adquirir os coñecementos e habilidades necesarias que permitan desenvolver a súa labor, mediante competencia técnica e profesional nas competicións organizadas pola Federación Galega, con profesionais que actuaron no ámbito do fútbol, utilizando os medios materiais e humanos que dispón a Federación Galega de Fútbol.

"Estamos encantados de colaborar coa Federación Galega de Fútbol e coa Escola Nacional de Adestradores, e de que este curso teña lugar no noso concello, xa

que se trata dun curso moi demandado. O feito de que se celebre en Ponteareas pon en valor a tradición futbolística da nosa vila, onde hai moitos clubs que fomentan o deporte desde as categorías base", sinalou Benito Márquez.

O curso conduce á obtención do diploma federativo de "Monitor de Fútbol base", especialidade "fútbol", e está avalado pola Escola Nacional de Adestradores da RFEF, que á súa vez permite a convalidación do Bloque de Prácticas a realizar cando efectúen o Curso Federativo Adestrador Básico de Fútbol.

As persoas interesadas deberán inscribirse de maneira online na web www.futgal.es na parte de Adestradores/Escola/Inscrición e entregar a documentación orixinal o primeiro día das clases.(válido Graduado Escolar)



lido Graduado Escolar)

O período de inscrición abriu o 02 de maio e estará aberto ata o primeiro día do inicio do curso. Ofértanse un máximo de 35 prazas, cubríndose por orde de inscrición. O prezo do curso é de 150 euros. Os requisitos son ter os 16 anos cumpridos e estar en posesión do Título de Graduado en Educación Secundaria ou título equivalente segundo o plan de estudos do aspirante. O curso celebrarase entre o 30 de maio ata o 30 de xuño, en hora-

rio de 19.30 a 22.30, nas instalacións deportivas de Pardellas e no Centro de Desenvolvemento Local. Para poder obter o certificado de monitor de fútbol base, requirirase a avaliación positiva das distintas áreas e materias de que consta o curso, entre as que se atopan: filosofía didáctica do fútbol, psicoloxía, ética deportiva, ou fisioloxía, nutrición e medicina do fútbol, entre outras, e a asistencia ao 75 % das sesións presenciais por materia.

PONTEAREAS

O Corpus contará cunha representación de alfombristas da localidade italiana de Gerano

As alfombras florais desta localidade da provincia de Roma, na rexión de Lazio, están consideradas as máis antigas de Italia e neste ano cumprirán o seu 288 aniversario

A Festa do Corpus Christi de Ponteareas contará, este ano, coa presenza dunha delegación da localidade italiana de Gerano, municipio situado a poucos quilómetros de Roma e que fai gala, con orgullo, de confeccionar as alfombras máis antigas de Italia.

Así o confirmaba o alcalde de Gerano, Danilo Felici, ao seu homólogo ponteareán, Xosé Represas, nun escrito no que da conta que, no nome de toda a cidadanía de Gerano, “teño o pracer de comunicarlle que aceptamos a vosa invitación e que unha delegación de cinco alfombristas terán a honra de participar na Festa do Corpus 2017 de Ponteareas coa realización dun tapiz floral” e

agradece “esta mostra de achegamento entre os nosos pobos”.

Ponteareas conta, todos os anos, cunha representación estranxeira de cidades, de distintos países do mundo, que comparten coa vila do Tea a súa tradición na arte floral nunha iniciativa que, segundo a concelleira de Cultura, Hortensia Bautista, “non fai máis que reafirmar a importancia que o Corpus de Ponteareas ten no concerto internacional de cidades alfombristas”.

La Festa della Madonna del Cuore

Gerano é unha pequena localidade da Área Metropolitana de Roma, (provincia á que pertence e enclavada na rexión de Lazio)

situada a 50 quilómetros da capital italiana. A cidade confecciona todos os anos, dende hai preto de tres séculos este ano celebrarán o 288 aniversario tapices florais na Festa della Madonna del Cuore seguindo a tradición dos mestres alfombristas geraneses. Os veciños e veciñas de Gerano aseguran, con orgullo, que amais da “fonda historia e relixiosidade” as alfombras son “xoias creativas” que falan de “arte e traballo común de todo un pobo”.

As alfombras de Gerano non coñeceron, dende os seus inicios, interrupción algunha. Tanto é así que nin nas guerras nin calquera outro episodio dramático

que se viviu ao longo dos séculos, foron quen de interromper esta tradición.

Ao igual que fixo Ponteareas no seu momento, nos últimos anos Gerano comezou a confeccionar as súas alfombras noutras localidades de cara a dar a coñe-

cer o potencial artístico dos seus alfombristas.

A concelleira Hortensia Bautista, cualificaba de “auténtica honra” poder contar no Corpus de Ponteareas, “que é todo un referente internacional na arte efímera” cunha delegación como a de Gerano “que confeccionan as que son as alfombras florais máis antigas de Italia e que, ao igual de Ponteareas, comparten a capacidade dun pobo de traballar, xuntos e sen fisuras, a prol dun obxectivo común”.



Ponteareas confecciona a tradicional alfombra de flores no Santuario de Fátima

Como ven sendo habitual nos últimos anos, un nutrido grupo de alfombristas de Ponteareas confeccionou na localidade portuguesa de Leiría, unha alfombra floral no Santuario de Fátima o pasado 30 de abril. A expedición ponteareá, que chegaba a vila lusa en autobús na mañanciña, tivo que facer fronte a unhas condicións meteorolóxicas totalmente adversas que fixeron, que ademais do duro traballo de confección da alfombra, esta tivera que ser obxecto de continuos retoques naqueles puntos no que o seu traballo era desfeito pola chuva.

Pese aos problemas, o tapiz floral de Ponteareas lucía perfecto ao paso da procesión, que tivo lugar ás cinco da tarde. Os veciños e veciñas de Ponteareas estiveron, en todo momento, rodeados por centos de persoas que non querían perder detalle do esmerado arte floral do que fan gala os e as ponteareás na confección das súas alfombras con-

Os alfombristas de Ponteareas deixaron patente, un ano máis, a capacidade de amosar o seu arte floral en Fátima pese as condicións meteorolóxicas adversas



siderados, alí por onde van, como auténticos mestres na confección de tapices florais. De feito os espectadores facían longas colas para poder fotografar a alfombra da Vila do Tea.

Representantes da organiza-

ción quixeron agradecer o apoio prestado polo Concello de Ponteareas e a presenza de membros do equipo de Goberno que se achegaron a Leiría o domingo pola mañá para ver o desenvolvemento dos traballos.

Turismo de Galicia e Abanca, reafirman o seu compromiso coa Festa do Corpus Christi

O alcalde de Ponteareas, Xosé Represas; a directora da Axencia de Turismo de Galicia, Nava Castro e o director de Banca Institucional de Abanca, Santiago Novoa García, asinaron o convenio de colaboración polo que as dúas entidades farán unha achega de 50.000 euros de cara a cubrir o orzamento previsto para a celebración da Festa do Corpus Christi 2017.

En virtude do convenio asinado, a Axencia de Turismo de Galicia achegará 40.000 euros, mentres que Abanca contribuirá cos 10.000 euros restantes. Pola súa banda, o Concello de Ponteareas, incluírá en toda a documentación e soportes referidos á Festa do Corpus 2017, a ‘Marca Galicia’ e o anagrama da entidade bancaria como patrocinadores do evento.

O apoio tanto de Turismo de Galicia como de Abanca, non é

máis que o recoñecemento da importancia da Festa do Corpus Christi de Ponteareas e das súas alfombras florais, das que, as dúas entidades destacan que “son as máis importantes de Galicia” amais de converter a Ponteareas “nun referente internacional na arte de confección de alfombras florais” amais de subliñar, no propio texto do convenio asinado que a súa tradición en materia de confección de alfombras de flores “é unha das máis antigas do mundo”.

A promoción dunha festa do calado do Corpus de Ponteareas, tal e como figura no convenio asinado, entra de cheo dentro das competencias da Axencia de Turismo de Galicia que son “a valorización dos recursos turísticos así como o fomento do turismo como un instrumento de reequilibrio territorial”.

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

O Pleno aproba o Plan Normativo Municipal para o 2017

O Pleno da Corporación Municipal de Ponteareas aprobou unha iniciativa presentada polo Goberno local pola que o Concello ponteareán axustarase directrices marcadas na Lei de Procedemento Administrativo que sinala a obriga das administracións públicas “de aprobar anualmente e publicar no portal de transparencia “un plan normativo” que conteña todas as normativas que se pretendan aprobar no ano seguinte”.

Ao abeiro do Plan Normativo, o Concello revisará e modificará un total de 13 ordenanzas e regulamentos que actualmente están en vigor, mentres que creará outras sete de cara a conseguir unha administración local máis áxil e que poida dar resposta ás necesidades da cidadanía.

Tal e como sinala o alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, “o Plan está acompa-

ñado dunha proposta para someter á consulta pública previa as ordenanzas que se pretenden regular, facilitando así o acceso da cidadanía á xestión municipal e sometendo a acción de goberno ás aportacións e opinións da cidadanía”.

As ordenanzas que serán obxecto de revisión serán as de Axudas de Emerxencia Social, taxas do cemiterio municipal, taxas por licenza de apertura de establecementos, dereitos e taxas pola concesión de licenzas para construción, obras e instalacións; caixeiros automáticos e máquinas expendedoras nas fachadas dos inmobeis con acceso directo dende a vía pública, taxas por dereitos de exames, imposto sobre vehículos de tracción mecánica, imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, expedición de documentos administrativos, intervención municipal res-

pecto das actuacións comunicadas en materia de urbanismo, taxa por utilización das instalacións do mercado de abastos e ordenanza xeral de circulación.

Doutra banda, créanse sete novas ordenanzas como son a de regulamento da participación cidadá, cesión de uso dos Locais Municipais a asociacións e colectivos sociais, utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público polas empresas de telefonía móbil, transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos, regulación integrada do exercicio de actividades económicas e apertura de establecementos públicos, baleirado de fosas sépticas e, finalmente, unha ordenanza fiscal xeral.

A intención do Goberno é ter aprobadas todas estas ordenanzas que se propoñen “a finais de ano, para que entran en vigor en 2018”.

Ponteareas inicia un proxecto de rutas seguras para o ciclismo

A Concellería de Tráfico e Seguridade Cidadá en colaboración coa Concellería de Deportes poñerán en marcha un proxecto destinado á creación de ‘vías seguras’ para a práctica do ciclismo e garantir a seguridade dos numerosos particulares e clubs que practican este deporte na súa modalidade de estrada. Para a posta en marcha desta iniciativa elixiranse estradas secundarias de competencia municipal e que teñan, de xeito habitual, unha baixa densidade de tráfico rodado. Ditas estradas contarán cunha sinalización específica, ben visible, que avise aos condutores de que se trata dunha vía na que os ciclistas teñen prioridade e limitárase a circulación a 20 q/h.

As vías escollidas para poñer en marcha estas ‘vías seguras’ e que se darán a coñecer á veciñanza de xeito detallado contarán, cando menos nos primeiros días da súa posta en marcha, con controis da Policía Local “que terán un carácter máis informativo que sancionador”, maticiza a concelleira de Tráfico.

Do mesmo xeito, solicitarán á De-

putación de Pontevedra que mellore a sinalización nas estradas da súa competencia que pasan polo municipio, sobre todo en aquelas que son máis usadas polos ciclistas.

A concelleira quixo dar as grazas a Pedro Alfaro, ex vicepresidente da Federación Española de Ciclismo e Secretario Xeral da Federación Galega de Ciclismo entre 1986 e 2004, home estreitamente vinculado a este deporte durante moitos anos, que “amosou o seu interese por esta iniciativa dende o primeiro momento e que, coñecedor deste deporte como poucos nas súas diferentes facetas, fixo interesantes achegas para a posta en marcha do proxecto”.

Asemade, a Concellería de Deportes convocou o luns 24 de abril unha reunión á que invitou ás diferentes entidades ciclistas para exporlle as medidas para mellorar a seguridade ciclista e para obter achegas que os propios clubs poidan facer de cara a facer as estradas do noso municipio máis accesibles para os practicantes deste deporte e evitar atropelos e accidentes.

Ponteareas propón á Xunta a creación dun punto de encontro familiar para O Condado e A Paradanta

O Goberno local de Ponteareas presentará no vindeiro Pleno da Corporación, unha proposta para que o municipio conte cun punto de encontro familiar para as comarcas do Condado e a Paradanta. A iniciativa da Concellería de Benestar Social e Igualdade que xestiona Verónica Carrera, busca dar

resposta ás persoas que precisen este servizo que, nos últimos tempos, ten incrementado a súa demanda.

Carrera explica, na súa proposta, a necesidade de contar cun equipamento “de carácter neutral” e que está especializado en regular o réxime de visitas establecido pola autoridade

competente “entre as familias e os menores, cando as primeiras pasan por unha situación de separación, divorcio, nulidade ou calquera outra circunstancia que interrompa a normal convivencia familiar” e sempre que “o exercicio do dereito de visitas se vexa interrompido ou o seu cumprimento resulte difícil ou conflictivo”.

Segundo a concelleira de Benestar Social e Igualdade do Concello ponteareán, un servizo destas características “favorece a relación dos e das menores coas súas familias” amais de garantir e facer cumprir o réxime de visitas.

A necesidade de contar cun punto de encontro familiar en Ponteareas, afirma Verónica Carrera, vén dada polo feito de que “o único servizo destas características existente para a zona está en Vigo e, ás veces, non conta coa capacidade suficiente para atender a demanda”.

Por todo o antedito, o Goberno local que preside Xosé Represas,

propoñerá ao Pleno “instar ao Goberno galego a realizar un estudo e valorar a viabilidade de crear un punto de encontro familiar en Ponteareas para os concellos das comarcas do Condado e Paradanta”.

Para o alcalde ponteareán “non se pode esquecer que Ponteareas é a cabeceira de dúas comarcas cunha poboación que supera os 60.000 habitantes e que, polo tanto, precisan de dispoñer de servizos de proximidade, como este punto de encontro familiar, que evite longos desprazamentos e, polo tanto, incremente a súa operatividade”.



Comunidades, Colegios, oficinas
cristaleras, moquetas, abrillantado
de suelos, primeras obras,
limpieza de fachadas

Rúa As Lavandeiras, 3 Bajo
36860 PONTEAREAS
Telf. y Fax: 986 661 052



Análises de Viño - Asesoramento Técnico
Productos Agrícolas, Enolóxicos e fitosanitarios

986 642 507

Rúa Ciclista Delio Rodríguez, 4 baixo
Ctra. de Salvaterra Ponteareas



CAFE-BAR
PIRI-PIRI
JAMONERIA

Especialidade en
xamón asado e
xamón serrano
Parada Auto Industrial

Progreso, 90 . A Cañiza . 986 652 332

PONTEAREAS

O Pleno de Ponteareas solicita a declaración de Ben de Interese Cultural para igrexa de Angoares e a Festa do Corpus

O Pleno da Corporación Municipal de Ponteareas aprobou onte unha iniciativa da concelleira de Cultura, Hortensia Bautista, pola que se solicita á Xunta de Galicia a incoación do procedemento para

feccionar na Festa do Corpus Christi son un dos sinais de identidade do municipio polo que, logo da súa declaración como Festa de Interese Turístico (1968), poucos anos despois de Interese Turístico Nacional e final-

conservar a súa principal característica, como é o labor colectivo de toda a veciñanza e a transmisión dunha sabedoría secular”.

Segundo a concelleira, a catalogación das alfombras do Corpus de Ponteareas como BIC Inmaterial “estarían non só garantindo a súa protección, senón recoñecendo a súa extraordinaria importancia como sinal de identidade dun pobo”. Subliña Hortensia Bautista que a propia Lei de Patrimonio de Galicia, ao amparo da que se pide esta declaración de BIC Inmaterial, sinala que o seu fin é “a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia” e deixa claro que o dito patrimonio “está constituído polos bens mobles, inmobles ou manifestacións inmateriais que polo seu valor artístico (...) deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo”.

Se hai unha celebración que cumpre ao pé da letra ditos requisitos, non dubida en afirmar Hortensia Bautista, estas son as alfombras da Festa do Corpus que

son “unha mostra de traballo colectivo de todo un pobo na procura dun obxectivo común dende hai máis de 150 anos”.

Igrexa de San Pedro de Angoares

Coa aprobación desta moción, o Goberno local ponteareán da os primeiros pasos para “a protección dun elemento patrimonial singular e único en Galicia”, tal e como explicaba Bautista. Nese sentido, apuntaba a concelleira, e preciso ter moi presente “que, amais da igrexa de Angoares, tan só existen

en todo o estado outras dúas similares como son a de Santa María de Tera, en Zamora e a de San Pedro de Campodrón en Girona”.

O Goberno local sinala que a igrexa de Angoares cumpre os requisitos necesarios para ser declarada Ben de Interese Cultural, xa que a Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia, no seu artigo 88 ‘Contido do patrimonio arquitectónico’, sinala entre os



declarar, a Igrexa de San Pedro de Angoares, como Ben de Interese Cultural (BIC) coa categoría de Monumento e a mesma consideración para as Alfombras de Flores de Ponteareas na categoría de Inmaterial.

Alfombras florais do Corpus Christi

Documentadas cando menos dende o século XVII, as alfombras florais de Ponteareas que se con-

mente Festa de Interese Turístico Internacional (2009) o Concello de Ponteareas busca a súa declaración e protección como Ben de Interese Cultural Inmaterial.

A concelleira de Cultura e Turismo, Hortensia Bautista, na iniciativa presentada onte ao Pleno da Corporación, recalcaba o feito que, logo de máis dun século e medio de celebración, a Festa do Corpus de Ponteareas “segue a

bens nos que concorre un significativo valor arquitectónico e que polo tanto son susceptibles de protección “Os edificios relacionados co culto relixioso católico e doutras confesións, aínda que perderan o seu uso, como catedrais, mosteiros, conventos, colexiats, igrexas, ermidas, capelas, seminarios ou casas reitorais, construídos con anterioridade a 1836”.

milfollas
LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com

Talleres Guiller Motor

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA (Pontevedra)
Tel./Fax 986 66 15 41

Venta de vehículos usados

(SPG) TALLERES

BODEGUILLA PULPERIA TAPERIA

BERCEO

Rosalía de Castro, 6
PONTEAREAS

Teléf. 986 660 826

Restaurante O'Rianxo

Algo diferente no Condado

Terraza de verano interior
Ctra. N-120
Vilasobroso - Mondariz
GALICIA - ESPAÑA
Telf.: +34 986 654 434

TODOCONDADO

www.todocondado.com

ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO.S.L.

Jorge Ferreira Bouzo
Instalador Autorizado PO-1503

- Instalacións e montaxes eléctricas en xeral
- Calefacción eléctrica
- Alumeados públicos
- Estudos e proxectos de aforro enerxético
- Servizo de averías e mantemento **24 Horas**

Tell. 986 65 82 07 Móviles 651 86 01 55 - 85 email: administración@electricidadcondado.es
Polig. Ind. Chan da Ponte, Nave 1 - 36450 SALVATERRA DE MIÑO

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

PROGRAMA LETRAS GALEGAS

Mércores 10, 18:30 horas

Presentación da revista xuvenil "O Papagaio"
Co debuxante Pepe Carreiro, autor de Os bolechas
Biblioteca Municipal

Venres 12, 20:30 horas**Venres 12, 20:30 horas**

Ciclo Venres D_letras
Presentación "O espello do mundo", Ramón Nicolás
Salón de Plenos

Martes 16, 09:30 horas

Confección de alfombra floral a Carlos Casares
Alumnado e alfombristas ponteareáns
Praza Maior

Martes 16, 18:00 horas

Pictograma de Carlos Casares, Teatro Babaluva
Programa Ler conta moito
Biblioteca Municipal

**Mércores 17, 12:00 horas**


Danzas do mundo
A cargo de Mercedes Prieto
Praza Maior

Mércores 17, 18:00 horas

Pepiña Maruxiña quiere voar - As aventuras de Lila e Lolo
Contacontos a cargo de Barafunda animación
Praza Maior

Venres 19, 17:00 horas

Cofecendo a Carlos Casares
Xogos populares e tradicionais e xincana
Praza Maior

**Venres 19, 20:30 horas**

Cine: SICIXIA, de Ignacio Vilar
Ás 10:00h sesión para alumnado
Auditorio Municipal

Domingo 21, 20:00 horas

II Xogos Florais de Ponteareas
Recital poético e música
Auditorio Municipal

*En caso de choiva, as actividades ao aire libre celebraranse no Auditorio Municipal

PONTEAREAS

Concello de
PONTEAREASFacebook:
Cultura e Turismo PonteareasIV Torneo Escolar de
Xadrez Ramiro Sabell

O Centro Artístico Sportivo acolle o próximo mércores 17 de maio, día das Letras Galegas, o IV Torneo Escolar de Xadrez Ramiro Sabell, organizado polo Club Xadrez Ramiro Sabell en colaboración coa concellería de Deportes de Ponteareas.

Existe un límite de 150 participantes por orde de inscrición, que estará aberta ata o día anterior ao evento (16 de maio) ás 20h. Entregaráselle un trofeo aos cinco primeiros clasificados de cada categoría, e haberá recordos por participar e sorteos de agasallos ao finalizar.

Gran Premio Minibtt
Club Ciclista

Ponteareas acolle o domingo 21 de maio o Gran Premio Minibtt no Parque da Bouza Vella, en Ganade, na parroquia de Areas, organizado polo Club Ciclista Ponteareas en colaboración coa concellería de Deportes.

O evento comezará as 10:30 h. da mañá, e ao rematar haberá sorteos entre tódolos participantes. Pode participar calquera rapaza ou rapaz de ata 14 anos, podendo anotarse ata o mércores anterior á carreira (17 de maio).



O noso Eido
taberna

Especialidades en: Angulas e lampreas, Peixes do Río, Choccos a Franza, Bacalao e Kikos a brasa.

RESERVAS: Ana 651 040 534 Coke 646 424 968
Telf. 986 658 313 Rúa da Fraga, 5 SALVATERRA DE MIÑO (PO)

Casa Eligio
RESTAURANTE

Tel.: 986 651 047
C/ del Carmen, 2 - A Cañiza

EMILIO
seguros

DECEOS • HOGAR • JUBILACIÓN • AHORRO • ACCIDENTES, ENFERMEDAD
VIDA • COMERCIO • PYMES • COMUNIDADES • R. CIVIL • AUTÓNOMOS • Etc...

telf. información: 609 544 351

CONDADO/PARADANTA

MONDARIZ

Día 17 MAIO
2ª Feira Primavera 2017

Mondariz AGRO-SOSTIBLE

ARTESÁNS FEITO A MAN
HORARIO
11h a 22h
RECICLADO VINTAXE

HORTA Saudable
ALIMENTACIÓN
COSMÉTICA
TERAPIAS
PLANTAS

Gastronomía SAUDABLE
MONDARIZ COME SAN
ANDAINA SAUDABLE (655)146.505
PERCORRIDO 6 Km
duración 1 hora
Saída ás 11:00h Verde MONDARIZ
Percorrido con GUÍA por SENDAS VERDES.
Fontes e monumentos descritos da zona.

PEQUE Chef
Taller de elaboración de PIZZAS artesás para nenos/as a partir dos 3 anos. De 17 a 19h Grupos 8 nenos
ANOTARSE
(655)146.505

PROGRAMACIÓN
Ás 11:00h Apertura do Mercado e saída da ANDAINA dende a Feira
Taller de horta para nenos/as de 5 a 12 anos. De 12 a 14h. Varios grupos. 8 nenos
Anotarse previamente (655)146.505
Taller de elaboración de xabón artesán para adultos. De 18 a 19:30h.
A partir das 19:30h actuacións de:
Banda de Música Cultural de Mondariz
GRUPO Pé de POTE

ORGANIZA
ekohuerta (655)146.505
Colaboran:
facebook TURISMO VERDE GALICIA
CONCELLO DE MONDARIZ

Música, andaina, obradoiros e II Feira Agrosostible o día 17 en Mondariz

O día 17 de maio, coincidindo coa festividade das Letras Galegas, Mondariz vén de organizar un amplo programa de actividades que inclúen a celebración da II Feira Agrosostible, evento que hoxe foi presentado na Casa do Concello coa presenza do alcalde de Mondariz, Xoán Carlos Montes Bugarín; a tenente de alcalde, Mónica Peralba e Carlos Rodríguez, de Ekohuerta, organizador da feira.

As actividades comezarán ás 11 da mañá coa apertura do mercado artesanal que contará con máis de 40 postos nos que, veciñanza e visitantes, poderán atopar produtos de alimentación e horta sostible, cosmética natural, terapias e plantas, amais de todo tipo artesanía tradicional. O mercado estará aberto, de xeito ininterrompido ata as 22 horas.

A esa mesma hora, e organizado por Mondariz Asociación Deportiva, terá lugar a saída da Andaina Saudable dende o recinto da feira. A actividade, totalmente gratuíta e con guía, levará aos participantes por sendas verdes, fontes e monumentos destacados da zona, ao longo dun percorrido de 6 quilómetros, cunha duración aproximada dunha hora e media.

Cara ás 12 h e ata as 14 horas, os máis pequenos poderán gozar das actividades dun Taller de Horta, dirixido á rapazada con idades entre os 5 e os 12 anos e que se desenvolverá en varios grupos (dependendo do número de nenos e nenas inte-

resados) xa que para un mellor aproveitamento, os grupos serán de 8 compoñentes. Para esta actividade, é preciso anotarse de xeito gratuíto, cun Whatsapp ao 655 146 505.

Xa pola tarde, entre as 17 horas e as 20 horas, terá lugar outro obradoiro tamén dirixido a nenos e nenas a partir dos tres anos, que está incluído na actividade Peque Chef. Trátase dun divertido obradoiro para aprender a elaborar pizzas artesás e saudables. Ao igual que o obradoiro da mañá, as actividades desenvolveranse en grupos de 8 nenos/as e a inscrición realízase no mesmo número de teléfono.

Os adultos tamén terán o seu espazo nesta II Feira Agrosostible, xa que de 18 h a 19:30 h poderán participar nun obradoiro de elaboración de xabón artesán.

Xa a partir das 19:30 horas, a música será a protagonista coa actuación da Banda de Música Cultural de Mondariz e o grupo Pé de Pote, unha actividade que, como todos os anos, está organizada pola Banda de Música Cultural de Mondariz.

O alcalde de Mondariz, Xoán Carlos Montes Bugarín, agradecía a Carlos Rodríguez, organizador da Feira Agrosostible, a Mondariz Asociación Deportiva, organizadores da Andaina e para a Banda de Música Cultural de Mondariz, “que sempre amosaron a súa disposición a colaborar en calquera actividade que poida supoñer un beneficio para a veciñanza e o municipio”.

o remendón

Cerraxería
vivenda-automóvil-chaves
SERVICIO 24 HORAS
Reparación de calzado
Tif. 637 764 865
cerrajeroremendon.com
Rúa Raíña Dona Urraca, 20-baixo 3
Salvaterra de Miño

ler e Punto
LIBRARÍA EN XERAL - PRENSA
COPIAS - FAX - RECARGA DE MÓBILES
MERCERÍA - LABORES - LÁS
MANUALIDADES - AGASALLOS
Telf: 986 648 114- 607 577 147
ENTRADA de AS NEVES
Fronte á gasoleira, e xunto a XES

BIMCA, S.L.
FERRETERÍA Y MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN
PAVIMENTOS Y AZULEJOS
PINTURAS, SANEAMIENTOS, ELECTRODOMÉSTICOS
C/ Rosalía de Castro, 99. SALVATERRA de MIÑO
Telf. 986 659 362 - 986 658 514 - Fax 986 658 274
e-mail: bimca@bimca.com www.bimca.com

forjados hnos. duran s.l.
ISO 9001
BUREAU VERITAS
Certification
Teléf. 986 648 150
Fax: 986 648 030
e-mail: duran@forjadosduran.com
http: www.forjadosduran.com
Fábrica y Oficinas:
Santiago de Ribarteme, 1
36447 AS NEVES (Pontevedra)

kidea
agasallos personalizados
Telf. 986 659 430
Rúa Rosalía de Castro, 107
SALVATERRA DE MIÑO

Abzi
PUBLICIDAD
arte na publicidade

CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

CONCELLO SALVATERRA DE MIÑO

Letras Galegas 2017

Carlos Casares

VENRES, 12 DE MAIO
Actividade Infantil ao aire libre, na Praza do Concello ás 17.30h.
 Probas con libros, zancos, ballestas, recolecta... e ao remate lectura de poemas de Carlos Casares.
 *En caso de choiva a actividade suspenderase.

SÁBADO, 20 DE MAIO
Concerto de Corais da As. Cultural Cantemos, no Salón da Casa de Cultura de Salvaterra ás 19.00h.

SÁBADO, 27 DE MAIO
Teatro Infantil, no Salón da Casa de Cultura de Salvaterra ás 19.00h.
 Presentación das dúas novas obras de teatro da escritora local Raquel Castro e a continuación representación da obra teatral Planeta Bugallo.

DOMINGO, 28 DE MAIO
Festival de Bandas Xuvenis, no Parque Público A Canuda ás 18.00h.
 Actuación das Bandas de Música das Escolas de Belesar de Baiona, de Porriño e de Salvaterra de Miño.

*Do 16 ao 27 de maio estarán expostos na Biblioteca Municipal os traballos realizados pol@s nen@s que acoden a biblioteca, sobre Manuel María e a súa obra.

Convocados os "Premios de Educación" para o curso 2016/2017



O Concello de Salvaterra de Miño aprobou en Xunta de Goberno Local as bases da duodécima convocatoria dos "Premios de Educación - Curso 2016/2017", que inclúe tres viaxes a Reino Unido.

Segundo explicou a Tenente de Alcalde, Marta Valcárcel, "Salvaterra foi un dos primeiros e dos poucos concellos que premia a excelencia académica". Así, "dende fai máis dunha década premia o esforzo e a dedicación dos e das estudantes do seu municipio". Estas becas ou premios nacen co ánimo de incentivar o estudo e reforzar actitudes e hábitos relacionados co traballo, esforzo, participación e convivencia entre os mozos e mozas, xa que será a base do seu futuro. Toman parte neste concurso o alumnado do Instituto de Educación Secundaria e dos tres Centros de Educación Primaria de Salvaterra (CEIP Infante Felipe, CEIP de

Leirado e CEP Carlos Casares). Establecéndose como premios, por un lado, catorce lotes informáticos compostos por unha Tablet Samsung TAB 6 10,1", con funda, memoria e powerbank, para os alumnos e alumnas do 2º Ciclo Formativo de Grao Medio de Caldeiría e Soldadura, FP básica, 4º da ESO do IES Salvaterra e os alumnos e alumnas de 6ª de Primaria do CEIP Infante Felipe, CEIP de Leirado e CEP Carlos Casares. Ademais convócanse tres bolsas de estudos que consistirán nunha viaxe de tres semanas a Reino Unido, na localidade de Worthing (na costa sur do país) co obxecto de perfeccionar a lingua inglesa, que inclúe a viaxe de ida e volta, aloxamento en familia en réxime de pensión completa, curso de inglés Xeral de 3 semanas, material escolar, certificado de asistencia, actividades, tarxeta de transporte e seguros, para o alumnado de 2º de Bacharelato.

O Concello reparte unha nova remesa de composteiros

Dende o departamento de Medio Ambiente do Concello levamos anos traballando para reforzar e concienciar sobre a reciclaxe e o sistema de recollida selectiva, ademais de facer un gran esforzo para achegar este servizo a todos os nosos veciños e veciñas, co fin de seguir reducindo a cantidade de lixo enviado ao contenedor verde, e así mellorar o noso medio ambiente, xa que esa será a herdanza que lle deixamos aos nosos fillos e fillas. Nas ultimas datas coa colaboración de Sogama iniciamos un proxecto de compostaxe caseira, polo que seguiremos apostando e que sigue aberto a todos aqueles que queiran parti-

cipar.

Hai uns meses que empezamos con este proxecto no que participaron 25 familias, e o resultado esta a ser moi bo, polo que decidimos seguir potenciando este sistema e colaborar con máis veciños. Hoxe fixemos a entrega de 16 composteiros, pero seguiremos traballando para chegar a moitas máis, xa que toda aquela persoa que teña unha casa pode participar e crear o seu propio compost para utilizalo na súa finca ou no seu xardín, unha maneira ecolóxica e natural de traballar, pero sobre todo unha maneira de coidar o noso medio ambiente, algo do que cada día somos máis cons-



cientes, e esperamos chegar a moitas máis casas.

Nestes momentos tamén se está estudando a posibilidade de

facer un sistema de recollida de compost no Casco urbano. O Concello segue traballando e apostando firmemente polo Medio

Ambiente, Salvaterra é un dos Concellos con máis metros cadrados de zonas verdes por habitante.

SALVATERRA DE MIÑO

Salvaterra e As Neves aproban a solicitude conxunta do obradoiro de Etnoturismo

O Concello de Salvaterra de Miño liderara a solicitude dun obradoiro de emprego conxunto co Concello de As Neves denominado VIÑOCULTURA SAN. Estes dous Concellos na súa aposta clara para mellorar a situación de desemprego e formativa dos seus veciños céntranse nun recurso económico importante para a zona como é a viticultura, que crece sobre todo como recurso turístico, xa que o etnoturismo e un sector en alza que achega a centos de visitantes a nosa zona.

Solo Salvaterra conta con máis de 2000 viticultores inscritos no Consello Regulador e máis de 20 adegas, entre grandes e pequenas, que día a día están apostando máis polo turismo, abrindo as súas portas aos visitantes.

A duración do Obradoiro de Emprego está prevista para nove meses, que irían de outubro deste ano a xuño de 2018, cun

total de 2160 horas de formación teórico-práctica. O requisito fundamental para participar no Obradoiro é estar inscrito como demandante de Emprego na Oficina de Emprego de Ponteareas, terán preferencia para participar no proceso de selección as persoas beneficiarias da RISGA, así como aquelas que, tendo prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como menores de 30 anos, as mulleres en xeral e as vítimas de violencia, o persoal traballador que esgotou as prestacións e subsidios por desemprego, paradOs de longa duración ou maiores de 45 anos, entre outros colectivos. O tribunal de selección do alumnado estará formado por un grupo de traballo mixto, de persoal técnico de ámbolos dous concellos e persoal técnico da Xunta.

Salvaterra de Miño Vila milenaria

O Concello quere implicar aos máis cativos nos actos conmemorativos dos seus máis de mil anos de historia que se realizarán o 24 de maio, Festivo Local.

É no ano 991 cando atopamos o primeiro documento escrito que fai referencia a Salvaterra de Miño, o que a converte nunha auténtica Vila Milenaria. Neste texto o monarca Vermudo II asinaba, un 24 de maio do ano 991, un documento no que lle cedía á igrexa compostelá e ao seu bispo D. Pedro Martínez de Mosoncio, a vila de "Lacedorium" (que foi o nome orixinario do pobo). Esta vinculación entre Salvaterra e a igrexa compostelá manteríase durante un longo período, ata ben entrado o século XIX, durante o cal, os veciños e veciñas pagaron o diezmo á sede santiaguesa.

Tras este episodio, son moitos os documentos nos que se fai referencia ao nome da vila, que progresivamente ía modificándose de Lacedorium a Lazoiro. A última mención ao topónimo de Lazoiro aparece no documento de anulación dos foros da cidade de Tui, realizado polo rei Fernando II en 1170. Sería en tempos de Alfonso IX, que ascendeu ao trono en 1188, cando a vila recibiría o seu to-

pónimo actual, Salvaterra de Miño. Algunhas teorías apuntan a que este topónimo pode derivar do característico



recinto amurallado, cuxa finalidade non era outra que "salvar" o pobo das invasións portuguesas, o que daría lugar ao nome de Salvaterra.

Dentro deste contexto o Concello realizará diversos actos conmemorativos o próximo 24 de maio, día declarado polo Pleno da Corporación como Festivo Local, pero sen dúbida centrarán o seu esforzo na participación dos nenos e nenas do Municipio, a través do I Certame Artístico "Salvaterra

Milenaria" para que nos trasladen a súa visión, a través das diferentes categorías, do que sería a nosa Vila nese intre da historia. Segundo a Tenente de Alcalde, Marta Valcárcel Gómez, "o obxectivo deste certame é que @s alumn@s dos Centros de Ensino do Concello nos ofrezan a súa visión do pasado da nosa Vila, ao tempo que se fomenta a súa imaxinación e creatividade, así como a participación nas actividades culturais do Concello". Para elo estableceranse diferentes categorías, atendendo tanto a disciplina utilizada como a idade d@s participantes. O xurado estará composto por persoal docente dos centros escolares e do propio Concello.

Así @s nen@s de Infantil participarán dentro da categoría de debuxo, @s de primaria e secundaria en manualidades e bacharelato en relato curto. Todas as categorías estarán premiadas con 3 premios, de 100, 75 e 50 €, para gastar en material escolar, informático, deporte ou vestimenta para @s gañador@s.

Todos os traballos serán expostos na web do Concello e nas Covas de dona Urraca o día 24 de maio, día no que se fará tamén entrega dos premios, dentro dos actos conmemorativos que ofrecerá o recinto amurallado aos seus visitantes durante a festividade local.



CONDADO / PARADANTA

ARBO

Unha parada de bus e un aparcadoiro completan a humanización da PO-400

O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, José Manuel Cores Tourís, acompañado do alcalde de Arbo, Horacio Gil, visitou este concello co obxectivo de comprobar o avance das obras de execución dunha parada de autobús que dotará de maior seguridade viaria á estrada PO-400 xusto na saída da travesía en sentido Filgueira.

Estas obras están a ser executadas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda co obxectivo de mellorar a circulación neste punto e gañar en seguridade viaria.

As obras, que estarán rematadas nas próximas semanas, lévanse a cabo no punto quilométrico 18,600 da PO-400, na súa marxe esquerda, onde se habilitou unha parada de bus en paralelo á calzada, de xeito que os autobuses non interferiran ao parar nese punto e se mellorara a seguridade viaria.

Os traballos foron adjudicados á Construcciónes Enrique C. Casas por 40.460 euros, e para a súa execución foi necesario demoler a beirarrúa existente que foi ade-

mais retranqueada, como tamén o foi a liña de alumeados e a canalización de augas pluviais residuais.

A maiores, o concello de Arbo ofreceu unha parcela colindante de propiedade pública para o seu acondicionamento e pavimentación, de cara a habilitar sete prazas de aparcamento, mantendo, ademais, o paso de acceso ás fincas xa existentes.

Esta nova parada completa a actuación de humanización da PO-400 que en 2010 foi obxecto de construción de beirarrúas con pavimento de baldosa ao longo de 310 metros lineais e cun orzamento de 60.000 euros. Ademais, en 2014, leváronse tamén a cabo traballos de mellora entre os quilómetros 12 e 24 da PO-400 ao seu paso por Arbo, e que consistiron no fresado e reposición da calzada con mestura bituminosa en quente, reposición da sinalización horizontal e xestión de residuos e limpeza de obras. Estes traballos completáronse con melloras no pavimento desta mesma estrada nos concellos de As Neves e Crecente, cun investimento de 225.000 euros.



Xunta e Concello colaboran na reparación e consolidación da Ponte de Mourentán



O pasado 28 de abril de 2017 o Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria don Román Rodríguez González e o Alcalde do Concello de Arbo, Don Horacio Gil, asinan un convenio de colaboración para a recuperación e consolidación da Ponte de Mourentan, que ten consideración de ben catalogados e incluída no Inventario de Pontes Históricas de Galicia.

O investimento nesta actuación ascenderá a 107.00 euros que será asumido pola Consellería, e das obras se encargara a Dirección Xeral do Patrimonio da Xunta de Galicia. O convenio asinado e para a posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para levar a cabo as obras. Esta intervención está incluída no Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural

de Galicia da Dirección Xeral do Patrimonio cultural.

O obxecto da actuación prevista é, por tanto, acometer as obras necesarias para evitar que continúe deteriorándose este ben e, deste xeito, impedir que se produza unha perda irrecuperable para o patrimonio cultural galego.

Esta ponte foi construída entre os séculos XIV e XV sobre o río Deva para facilitar o cruce ao antigo camiño dende Ribadavia a Tui que xa figuraba en documentos medievais. A día de hoxe a ponte presenta danos localizados fundamentalmente no estribo dereito e nos peitorís. No resto é necesario rozar e limpar a intensa vexetación que cubre os muros do estribo esquerdo e cortar e estabilizar algunhas árbores que medran neles e que, á larga, poden causar danos na fábrica.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

O PORRIÑO

ACIPOR e os panadeiros preparan a II Feira do Pan do Porriño para o 2 e 3 de xuño

A Asociación de Comerciantes do Porriño (ACIPOR) e os panadeiros integrados no recentemente creado Consello Regulador do Pan do Porriño se atopan xa inmersos no proceso de organización da IIª Feira do Pan do Porriño, un evento que chega á súa segunda edición logo dunha primeira edición que sorprendeu aos asistentes pola súa variedade de actos e eventos de promoción do pan e produtos convidados. A segunda edición desta festa, celebraranse o venres 2 e o sábado 3 de Xuño co obxectivo de consolidar o evento e convertilo nunha Feira de referencia gastronómica na comarca e da industria panadeira en Galicia.

As recentes pesquisas históricas que indican que a tradición do pan do Porriño se remonta alomenos a antes do ano 1600, puxeron de manifesto a importante tradición artesanal deste produto pasado de xeración en xeración e da boa calidade das fariñas da zona, que fixeron famoso non só en Galicia senón tamén en referencias estatais do famoso “pan-trigo do Porriño”.

A IIª Feira do Pan do Porriño manterá ademais dos stands dos paneiros integrados no Consello Regulador do Pan do Porriño, 8 produtos convidados entre os que se atoparán mele e marmellos tradicionais, viños da comarca, embutidos, queixos, conservas e produtos artesanais



que maridan perfectamente co Pan do Porriño para continuar co enfoque do “panidaxe” do Pan do Porriño coa gastronomía artesanal e a cociña gourmet. Tampouco faltará un show cooking co pan do Porriño a cargo de cocineiros expertos, o obradoiro de pan para os nenos (O Minipan) e diferentes eventos lúdicos.

Entre as novidades da IIª Feira do Pan do Porriño, se ten como obxectivo consolidar non só o evento gastronómico senón tamén converterse nun foro temático sobre a industria panadeira,

as calidades das fariñas, a tradición, a formación e o emprendemento artesanal panadeiro e tamén no aspecto biosaudable do pan coa celebración dunha Xornada sobre o pan e a industria panadeira que se celerará o venres día 2 de Xuño, como apertura da Feira, e que pretende ser referencia obrigada en Galicia sobre a materia e a realización de master class de elaboración de Pan do Porriño e produtos de panadería. Para os madrugadores e amantes do bó desayuno tamén se prepara algunha sorpresa a pri-

meira hora da Feira cun evento específico bautizado co nome de “Ben Desayunar!”.

A Feira será testigo tamén da presentación da etiqueta “Pan do Porriño”, a marca de calidade na que os panadeiros estiveron traballando dende o ano 2015 e que se prevé implantar para certificar o pan realizado polas panaderías integradas no Consello Regulador do Pan do Porriño e que pretende identificar o calidade e a tradición artesanal do pan do Porriño e diferenciarlo doutros formatos de pan máis industriais.



Familias de O Porriño acollen a estudantes Erasmus+ de Polonia e Suecia

Dezasete alumnas e alumnos chegados das localidades de Boras, en Suecia, e Poznan, en Polonia, veñen de poñer en común, xunto con estudantes do IES Ribeira do Louro, nun proxecto sobre comercio xusto, que ven de desenrolarse dende setembro de 2016 no marco do Programa Erasmus +.

O ‘Europeans for Fair Trade’ (Europeos para o Comercio Xusto), é un proxecto promovido pola Escola Secundaria 12, de Modjeska, en Polonia, e o Sven Eriksongymnasiet, de Suecia, xunto co IES Ribeira do Louro, que pretende promover valores positivos para a nosa sociedade promovendo o Comercio Xusto.

O mesmo permite a mobilidade de estudantes e profesores coa finalidade de investigar e discutir sobre este tema. Isto levou a familias de estudantes do Ribeira do Louro a acoller nas súas casas

a alumnas e alumnos suecos e polacos, que desenvolven un programa formativo e cultura relacionado co Comercio Xusto, elaborado por estudantes e profesores e que permitirá que temas coma ‘Comercio Xusto e Xénero’, ou ‘Comercio Xusto, Banca e Ética’, sexan empregados por estes centros dentro das súas unidades formativas.

Tamén se levou adiante un ‘Curso de Vídeos’ relacionados con esta temática, que ven de fallarse este venres, e que contou coa colaboración de varios establece-

mentos comerciais de O Porriño relacionados con produtos ecolóxicos, da terra, mesmo unha tenda de informática, que dona-

ron varios dos premios.

Os estudantes do Porriño que participaron neste proxecto viaxarán, o curso que ven a Polonia

e Suecia para unha estadia dunha semana con familias dos estudantes suecos e polacos que estiveron aquí.



LOURIÑA

O PORRIÑO

As féminas da Asociación Deportiva Avanza, coparon os podio da cuadrasexima edición do Trofeo Vila do Louro

David Soto

O pasado día 1 de maio amencía soleado despois dunha fin de semana pasado por vento e auga, unha tregua meteorolóxica que permitiu disfrutar os máis de trescentos ciclistas chegados ata concello de O Porriño para participar na cuadrasésima edición TROFEO VILA DO LOURO, onde as pistas de ciclismo de Torneiros eran percorridas unha e outra vez pola ilusión e a competitividade que os ciclistas das categorías de escolas amosan en proba tras proba do calendario galego de estrada.

A falta de proba na modalidade de miniBtt axudou a que houbese unha alta participación, da cal os integrantes máis pequenos da Asociación Deportiva Avanza non dubidaron estar presentes coa gran ilusión de correr na casa, coloreando de azul e amarelo fluor o asfalto de todo o circuíto onde maiores do club pese a non ter xornada de competición non dubidaron en estar presentes desde primeira horas, arroupando os máis pequenos do club, que non dubidaron en amosar o público presente en todo o circuíto o dominio e destreza que teñen sobre as dúas rodas. Levando a práctica os coñe-

cementos adquiridos na escola da gran familia Avanza onde o seu corpo técnico formado por Luís Fernández e Abel Maceiras, onde a deportividade, compañeirismo e traballo en equipo que son os principais valores desta escola, están obtendo os seus froitos, onde as féminas do club conseguían subir o podio en diferentes categorías. Na categoría infantil feminina Carla Guisande lograba unha segunda posición o impoñerse o sprint a terceira clasificada, na categoría promesa feminina Nerea Soto lograba acadar unha terceira posición na modalidade de ginkana, sendo a

primeira vez que participa nesta modalidade e na categoría alevín feminina Uxía Soto conseguía subir o mais alto do podio tras unha dura loita con María Filgueiras integrante do club Caimanes de Betanzos. Tamén compre destacar o sétima posición de Sergio Lorenzo na categoría infantil masculina, categoría na que organización viuse obrigada a facer dous grupos ante a alta participación, onde correron os ciclistas de dorsal par por un lado e os impares por outro clasificándose para a final os dez primeiros de cada grupo.



Uxía Soto sube o mais alto do podio.



Carla Guisande 2º posto categoría infantil Feminino



Nerea soto consegue o 3º posto categoría promesa feminino

Mistura Vocal gaña o V Certame Galego de Corais "Vila de Arbo"

O pasado 14 de maio celebrouse en Arbo o Certame Galego de Corais "Vila de Arbo". Este concurso, que xa vai pola súa quinta edición, tivo lugar nun ateigado Auditorio Segundo Gil Davila e reuniu a corais de toda a xeografía galega.

De entre as sete agrupacións convidadas, foi "Mistura Vocal", do Porriño, baixo a dirección de Aloia Martínez Molina, a que logrou o Primeiro Premio. Esta

mesma coral recibiu o premio á mellor interpretación da peza obrigatoria, "Morriña", do autor José Fernández Vide, na versión, a catro voces mixtas, de Salgado Valdés.

O Segundo Premio foi para os ferroláns "Proxecto Vocal Concerto Tempo", dirixidos por José Antonio García Mato. Por último, a "Coral Polifónica da Cofradía de Pescadores de San Martiño de O Grove" logrou o terceiro posto.



Acordado co Colexio Santo Tomás, a ANPA e a CCMM de Torneiros o acceso ao centro educativo

O tenente de alcalde, Manuel Carrera, a concelleira de Educación, Lourdes Moure, e o concelleiro de Urbanismo, Marcelino Coto, mantiveron unha xuntanza este mércores con representantes do Colexio Santo Tomás, Asociacións de Nais e Pais (ANPA) e Comunidade de Montes de Torneiros, para tratar do problema do acceso ao centro.

Manuel Carrera sinalou que se trata, ademais do feito de que os pais e nais que levan e recollen aos seus fillos no colexio teñan que deixar os coches na estrada PO-331, "dun problema de seguridade que hai que resolver canto antes".

Neste eido, o tenente de alcalde comprometeuse a que o Concello faga axiña unha valoración dos camiños que levan ao centro educativo, para proceder ao seu arranxo e asfaltado de xeito que teña saída á devan-

ditada estrada-da que é titular a Deputación- á altura de A Mota, ao tempo asinar un convenio a tres bandas entre o Concello, o Colexio Santo Tomás e a Comunidade de Montes de Torneiros, de xeito que os camiños que dan a este centro educativo pasen a ser considerados coma camiños públicos e poidan ser usados para sempre polo colexio.

"Ao mesmo tempo, salientou Manuel Carrera, o Goberno local acometerá a conexión á rede de saneamento de varias das vivendas situadas nestes camiños ao tempo que un deles se deixará no seu estado natural para que Comunidade de Montes poida rematar unha zona de lecer".



Goberno local levará ao Pleno do Concello esta iniciativa, co seu estudo e valoración económica, posto que, como salienta o tenente de alcalde, "é o xeito máis rápido de poder levar este traballo adiante".

Carrera salientou que todas as partes amosaron a súa satisfacción ao remate da xuntanza. Que todos eles están citados a

unha segunda reunión dentro dunha semana para dar conta da contía económica desta obra, e amosouse especialmente satisfeito por acabar coas denuncias e queixas das veciñas e veciños da zona pero, particularmente, polo feito de que remataremos cun risco moi considerable que se está a dar na entrada e saída do colexio cada día".

Aberto o prazo de inscrición nos 'Campamentos de Verán'

A Concellería de Benestar, que dirixe Soledad Girón, ven de abrir o prazo de inscrición para os 'Campamentos de Verán' que este ano incorporan unha novidade importante, dando cumpri-

mento a un acordo do Pleno da Corporación: a creación dun campamento específico para persoas con Diversidade Funcional.

O prazo para tramitar a inscrición abriuse o día 11 de maio

e pecharase o vindeiro 2 de xuño. As solicitudes deben presentarse no Centro de Información á Muller, no 3º andar do Concello, e as veciñas e veciños que queiran obter máis información poden facelo chamando ao teléfono 986 633 429.

A concelleira subliña que os campamentos están dirixidos a nenas e nenos nados entre os anos 2005 e 2011-os dous in-

cluídos- e a persoas con diversidade funcional, tendo a obriga, en todos os casos, de estar empadroadas no Porriño.

Soledad Girón lembra que o obxectivo destes campamentos, que non teñen custo algún, é o de "fomentar a conciliación familiar" durante os meses de lecer, impulsar a interacción e a integración entre todos os asistentes aos mesmos.

Colocada marquesina no Cerquido



A Concellería de Vías e Obras ven de rematar a colocación da marquesina na parada de autobús de O Cerquido, preto da conexión coa A-55, que era, como subliña o concelleiro Manuel Carrera, unha vella demanda dos veciños da parroquia de Budiño.

A mesma, coma moitos dos traballos que está a levar a diante a concellería de Vías e Obras, está rematada en 'rosa Porriño' e incorpora un banco de pedra.

Esta mellora é outra máis das actuacións que está a levar adiante a Concellería de Vías e Obras nos últimos meses e que abranguen, entre outras iniciativas, o remate da mellora das rúas Buenos Aires e Progreso; a nova beirarrúa de preto de 2 quilómetros entre as parroquias de Atios e Pontellas; o adecentamento da Praza de Abastos ou as distintas conexións á rede de saneamento de vivendas de todas as parroquias, traballos que seguen adiante en diferentes puntos do Porriño.



LOURIÑA

O PORRIÑO

Moncho Armendáriz, o 15 aniversario do Prestige e Corizonas, protagonistas do Festival de Cans 2017

O Festival de Cans chega nesta 14ª edición reforzando eixos fundamentais da súa programación ao potenciar a liña dos coloquios e encontros e abrindo a outras disciplinas como a gastronomía, as artes plásticas ou a literatura, que confluirán na parroquia porriñense dende o 24 ao 27 de maio.

O certame continúa adaptándose ano tras ano ás novas necesidades e demandas do público, polo que contará nesta edición cun xoves de Festival especialmente reforzado no tocante a contidos. A Praza do Concello do Porriño e a súa contorna serán testemuñas da Can Parade para implicar máis á veciñanza, pero tamén da música dos irmáns Electric Feels ou o concerto da banda Escuchando Elefantes. Ademais, os cocineiros Mahou Inés Abril e Rafa Centeno -do restaurante Estrella Michelin Maruja Limón- ofrecerán "Tapas de cine" ao público asistente mesturando cinema e produtos do país. Nesta xornada do xoves 25 tamén se desenvolverá no Bar Liceum do Porriño o I Encontro de realizadores e realizadoras de videoclips do Festival de Cans, ao que se lle suman coloquios que terán lugar durante o Festival coma o habitual Café con CREA -que contará como convidado especial nesta ocasión con Guillermo García, director do documental Frágil equilibrio e gañador dun premio Goya-, o II Encontro de curtmetraxistas no Espazo Mahou na



Leira de Alicia. Ademais súmanse a estas actividades as visitas de actores e actrices de AISGE que recibirán cada mañá os asistentes ao Festival ou o xa tradicional Coloquio na Leira, que nesta ocasión terá como protagonista ao cineasta Montxo Armendáriz. Armendáriz, un director que foi galardoado en dúas ocasións co premio Goya e estivo nomeado nunha ocasión aos premios Oscar na categoría "mellor filme estranxeiro" por Secretos del corazón, será nesta ocasión o encargado de encher a Leira de curiosos.

A Leira de Alicia e o Espazo Mahou

O Jalpón de Alicia, contiguo á coñecidísima Leira, terá unha programación especial que fusionará música con audiovisuais ao

acoller unha escolma dos mellores videoclips de Eladio y los Seres Queridos e a estrea mundial do novo videoclip de Terbutalina "Ningún che quere", que formará parte de "Sonido Esteiro", o seu próximo traballo. Este ano o certame terá un especial oco para pezas audiovisuais relacionadas coa catástrofe do Prestige como Crebinsky -de Enrique Otero-, Carcamáns -de Marcos Nine-, Man-Manuel Abalades-, ou Toxic percebe -de Xabier Jácome-. Ademais para lembrar a efeméride destes 15 anos do Prestige, estrearáse tamén nesta edición do Festival o documental inédito Mar de fondo, do cineasta Dani Guzmán, que foi gravado durante unha estadía súa en Galicia no 2002 tras o accidente.

A música segue estando na primeira liña do Espazo Mahou na Leira de Alicia, véndose incrementada nesta edición con León Benavente, Eladio y los Seres Queridos, Edu Romero ou Nico Pastoriza na súa faceta de DJ's pero tamén invadirá por completo o Torreiro cos concertos de Corizonas, Adrián Costa & The Criers, Familia Caamagno ou Terbutalina. Ritmos dos anos 60, pop, indie, punk e rock and roll para non deixar indiferente a ninguén.

Os máis pequenos terán actividades no Cuberto do Pato, no Baixo de Carlos e o parque do río, onde poderán gozar da Caixa de Mistos, da música de "O Trío do Acivro", a voz de Suso Vaamonde musicando poemas de Neira Vilas

nas súas "Cantarolas para xente miúda" ou do espectáculo de Polo Correo do Vento, no que os máis pequenos poderán aprender como levas debuxos ao cinema a través dun storyboard.

Venda de entradas

O Festival abre o xoves 11 de maio ás 10h00 o segundo prazo de venda de entradas que dan acceso á proxección da sección oficial de curtmetraxas a concurso do sábado 27 de maio. As entradas, que se poderán adquirir ata o día 17 de maio, terán un custe de 12€. O lugar de recollida será o posto de merchandising do festival durante o venres e o sábado do evento. Ademais, os compradores poderán recoller tamén de forma gratuíta durante os días do festival o catálogo con información ampliada de todas as actividades.

Nesta ocasión tamén estarán á venda entradas simples para actividades individuais como a proxección de Mar de fondo (100 entradas, 3€), a proxección de Linko (75 entradas, 3€) o espectáculo de Polo Correo do Vento (50 entradas, 3€), o espectáculo de O Trío do Acivro (50 entradas, 3€), a proxección de Frágil equilibrio con concerto de Uxía (60 entradas, 5€) e a escolma de pezas audiovisuais de Radio Océano con actuación da banda (60 entradas, 5€).

O resto das entradas venderanse o día 19 de maio ás 19h00 no Torreiro de Cans. Estarán á venda entradas de todo tipo, no caso de estar aínda dispoñibles.

O Concello colabora co Festival

Alcaldesa presidiu unha xuntanza na que estiveron presentes o tenente de alcalde e concelleiro de Vías e Obras, os concelleiros de Seguridade e de Limpeza, o director do Festival de Cans, ademais do xefe da Policía Local, e o responsable de voluntarios de Protección Civil do Porriño, para coordinar o dispositivo de seguridade que estará operativo durante os días nos que se desenrola o Festival de Cans- do 24 ao 27 deste mes-.

Deste xeito o Concello do Porriño, ademais da achega de 18.000€, repetindo a meirande cantidade que o festival recibiu

das arcas locais na historia, asume, tamén, garantir a seguridade das máis de 11.000 persoas que se agarda que se acheguen á vila para asistir a este certame.

O Concello asume, entre outros cometidos, o Servizo de Autobús Especial na Ruta: O Porriño – Pavillón – Restaurante Guanabara – Rotonda Cans (ida e volta), unha distancia total de 3,5 quilómetros con catro paradas: Fronte Cafetería Porriño – a antiga Maroma-diante do Pavillón-no Restaurante Guanabara e na Rotonda de Pedra de Cans, o venres de 6 da tarde a 4 da mañá e o sábado, día 27, de 9 e media



da mañá a 4 da mañá, cunha frecuencia de 15-20 minutos.

Tamén se realiza por parte dos servizos municipais, a limpeza e acondicionamento da zona central de Cans: Rotonda do can, zonas aparcadoiro na entrada da Adroza e á beira do Bar Fortes, rozar de

silveiras e herbas camiños por onde transitará o público, zona da Casa da Mestra, acceso á leira de Alicia (jalpón friki), Camiño do cemiterio, camiño do cruceiro ata o Castillo, Parque do Río; a limpeza específica de herbas e deixar pelado ben o valado da explanada de

terra da entrada.

Os servizos de limpeza estarán presentes no torreiro de Cans os días do festival; a primeira hora da mañá do sábado 27 de maio, e do domingo 28 de maio, e coloca contedores de lixo extra na zona do torreiro, no espazo do río e na nova zona dos nenos e retira o escombros no camiño baixada ao río.

Así mesmo, á marxe da instalación de potencia de electricidade extra, a colocación de planchas de aceiro para cubrir o rego da cuneta no fronte da zona da Casa da Mestra e no recinto utilizado para vehículos organización, e Unidades Móviles de radio e televisión, o Concello acomete a colocación de catro palcos: dous na Praza de Antonio Palacios, outro no Torreiro de Cans e un máis no bulevar.

O PORRIÑO

O proxecto "Tropa Verde" premia aos veciños que reciclen

A empresa 'Teimas Desenvolvemento', en colaboración co Concello do Porriño, ven de poñer en marcha o proxecto 'Tropa Verde' que ten coma finalidade concienciar ás veciñas e veciños do Porriño da importancia da reciclaxe e da correcta xestión dos residuos.

Esta iniciativa, como explicaron este mércores en rolda de prensa Marta Morán, dinamizadora de 'Tropa Verde', Ricardo Vila, socio de 'Teimas Desenvolvemento' e o concelleiro Orlando Márquez, segue un proceso de participación moi sinxelo: os

participantes teñen que inscribirse na web troparverde.org e cando leven os seus residuos a un punto limpo, ou avisen aos servizos municipais de limpeza que pasen a recoller algún obxecto dos coñecidos coma 'voluminosos', usen os colectores de aceite ou os 'Mini Puntos Limpos' para deixar neles pilas, lámpadas, cartuchos de impresora, toner ou CDS, entre outros obxectos, obterán un cheque cun código que deberán introducir na devandita web.

Entón, recibirán uns puntos, chamados 'estrelas', que poderán

trocar por produtos e descontos no comercio e na hostalería local.

'Tropa Verde' conta coa colaboración de 25 establecementos do Porriño que son os encargados de 'recompensar' aos bos recicladores con 'premios' que abranguen varias categorías: Hostalería, Comercio, Cultura, Deporte, Saúde, Infantil ou Estética, de xeito que quen recicle pode lograr dende cortes de pelo de balde, pasando por descontos en tendas de moda, agasallos de libros ou galanos sorpresa.

'Tropa Verde', que xa fun-



cionala, ademais, nos concellos de Compostela, Lugo, Sarria, Ames e Redondela, estará colaborando co Concello do Porriño durante un

prazo inicial dun ano, aínda que a intención é que ese tempo se prorrogue se a experiencia é positiva.

MOS

Iniciadas as obras de mellora do contorno da Casa do Concello

A caban de comezas as obras de execución do proxecto de mellora que permitirá a integración da zona do aparcadoiro e do cemiterio municipal de Petelos na área da Casa Consistorial.

Os traballos, recén iniciados, foron visitados esta semana pola alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, e polo concelleiro de Vías e Obras, Luís Alonso; quenes informaron de que os labores que se están a acometer nestes intres, e que se prolongarán durante unha semana, son de movementos de terra.

Estes movementos de terra que están a ser realizados, son supervisados e controlados por dous arqueólogos, xa que o contorno no que se está a actuar está protexido por Patrimonio.

Unha vez rematados os traballos de movemento de terras procederase á execución da cimentación dos muros e, cando os devanditos muros xa se atopan levantados, iniciaranse os labores de pavimentación; tal e como explicaron os representantes municipais na súa visita matinal ás obras.

A actuación enmárcase dentro do convenio de colaboración firmado entre a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato, e a rexedora municipal, Nidia Arévalo, dentro do Plan Hurbe e polo que a Xunta investirá máis de 385.000 euros.



Segundo o convenio rubricado, a actuación responde ao programa de humanización de rúas e urbanización e mellora de espazos públicos. Deste xeito, con esta obra se mellorará a calidade de vida dos máis de 15.000 veciños e veciñas do municipio sendo o obxectivo final o de integrar estes espazos na contorna, apostando pola humanización que rodea a Casa Consistorial.

No que se refire ao aparcadoiro, executarase unha área superficial como continuación da Praza do Concello na que se atopa a Igrexa de San Mamede de Petelos e prolongarase o pavimento e plantarase céspede, dando unidade ao conxunto e permitindo usos puntuais diversos cando sexa necesario (festas patronais, manifestacións relixiosas, etc.).

Tamén se delimitará o acceso rodado e peonil ao cemiterio de Petelos, achegando comodidade aos veciños ao mesmo tempo que se mellora o aspecto visual do contorno.

O PSOE denuncia accesos "tercermundistas" nas entradas e saídas da autovía

Dende o Partido Socialista denuncian e piden "que esta vez non fagan oídos sordos os do Partido Popular gobernando en Mos e no Goberno Central, o estado lamentable e tercermundista que presentan as entradas e saídas da autovía".

Critican estes accesos "onde a limpeza non existe, no alumeado só quedan as columnas e os buratos son para perder as rodas".

Dende o Partido Socialista preguntanse "¿para qué se colocaron eses reflectantes

no asfalto?, ¿será para xustificar algo non rematado?, Xa que so funcionaron o día da inauguración. O que nos dice que só fan as cousas para quitar a foto".

Denuncian que dende o goberno do PP de MOS, se esixa "con rigor os seus compañeiros aínda que sexan da mesma cor, que menos propaganda con seguridade e solucionen os problemas existentes, que sí son un perigo para a circulación dos mosenses. Como queda demostrado día tras día a cantidade de accidentes ocorridos nas entradas e saídas da autovía A-55 e A-52"

O Bng reclama a recuperación integral do Río Louro

O Bng de Mos, por medio de Miguel Anxo Aldea Moscoso, portavoz do grupo municipal do BNG no concello, presenta unha moción ante a corporación municipal para instar á Confederación Hidrográfica do Noroeste á recuperación integral do cauce do Río Louro ao seu paso por Mos, así como tamén urxir ao Goberno Municipal a incrementar a presión da disciplina urbanística, actuando de oficio nas denuncias e así controlar as edificacións que teñan irregularidades".

Nun comunicado explican que "hoxe en día, nas zonas máis afectadas polas construción de naves, e alí onde a presión urbanística e maior, o río sofre un forte deterioro e estase a degradar notable-



mente. É normal ver muros derruídos que invaden o cauce, restos de entullo polo cauce adiante, e moitos residuos que fixeron que diminuíra o calado"

LOURIÑA

SALCEDA DE CASELAS

X Andaina Concello de Salceda

O vindeiro sábado 20 de maio, Salceda de Caselas acollerá a décima edición da andaina "Concello de Salceda", incluída na Copa Galega de Andainas. A proba, organizada polo Centro Cultural O Coto de Budiño, en colaboración co Concello de Salceda, ofrece tres alternativas de participación, podendo elixir 30, 33 ou 50 km. A saída realizarase dende o centro cultural ás 9:00, na parroquia de San Estevo de Budiño, e percorrerá diversos puntos do entorno natural do municipio así como dos Concellos limítrofes, destacando as sendas e as áreas de lecer.

Para poder participar na andaina, é preciso inscribirse a través da páxina web www.aforna.org, abonando un prezo de 10 € para os socios e/ou federados e 12 para os non socios e/ou non federados. O prezo inclúe



os diferentes avituallamentos que se disporán ao longo do percorrido, así como o xantar final no centro cultural.

As previsións, en base aos anos anteriores, son de que centos de persoas se acheguen a participar nesta proba, que ademais da xeografía natural do Concello de Salceda, pasará tamén por puntos dos

Concellos veciños de Tui e Porriño. Estamos a falar dunha andaina coas mellores críticas tanto a nivel organización como a nivel de interese natural e de elección de percorrido. Esta edición incluírá novos tramos de grande interese natural, como a subida ao Monte Aloia, que sen dúbida suporá un reto para as persoas participantes.

O Concello de Salceda coloca paneis interpretativos coa historia da Raíña Aragonta

O Concello de Salceda de Caselas ven de colocar cadanseus paneis interpretativos no entorno da Igrexa de Santa María e do Parque Raíña Aragonta, contando con financiamento da Deputación de Pontevedra a través da liña de axudas para a sinalización do patrimonio histórico e cultural e a memoria histórica. O ente provincial concedeulle ao Concello para este proxecto a cantidade de 2.520,30 €. Os paneis recollen, por unha das súas caras, a historia da Raíña Aragonta, e pola outra fan referencia á Igrexa e Mosteiro de Santa María.

Aragonta González era unha nobre galega que no ano 922 casou con Ordoño II, aínda que o seu matrimonio tan só durou un ano. Aragonta, repudiada polo seu marido, funda o mosteiro de Saliceta, sobre o cal, no ano 1769 se reedificou a que hoxe é a Igrexa de Santa María de Salceda.

Coa colocación destes paneis, o Concello de Salceda pretende dar



a coñecer esta parte importante da súa historia, así como facilitar-lles a veciños e visitantes unha nova ferramenta para coñecer os elementos do patrimonio existentes no municipio.

O Concello e a Asociación de Autónomos e Pequenas Empresas asinan un convenio de colaboración

O Concello de Salceda de Caselas e a Asociación de Autónomos e Pequenas Empresas de Galicia (APE) asinaron esta mañá un convenio de colaboración para a posta en marcha de xornadas de formación, asesoramento... para o colectivo de autónomos do municipio. O documento asinouuse esta mañá no Concello de Salceda, por parte de Jose Ramón Caldas Martínez (Presidente de APE) e Marcos Besada (Alcalde de Salceda). Estiveron tamén presentes Sonia Acuña por parte de APE e Loli Castiñeira, Concelleira de Formación e Emprego de Salceda de Caselas.

Así, por parte da APE ofrécese asesoramento técnico, xurídico, fiscal e laboral a traballadores/as autónomos/as e pequenas empresas, así como a elaboración de informes, proxectos, eventos... de interese para o colectivo. Pola súa banda, o Concello pon a disposición de APE as instalacións precisas para levar a cabo as actividades, así como os medios materiais e humanos precisos, establecendo o tipo de colaboración precisa en cada unha das iniciativas que se leven a cabo.

Coa sinatura deste convenio, as dúas entidades traballarán conxuntamente para conseguir unha maior capacitación profesional do colectivo de autónomos, potenciando dese xeito a actividade do comercio local en Salceda. Levaranse a cabo tamén iniciativas de fomento do autoemprego, promovendo así mesmo a integración nesta modalidade de ocupación das persoas con capacidades distintas.

O Concello de Salceda contaba, a 31 de decembro de 2016, con 693 traballadores/as autónomos/as, aos que irán dirixidas as accións que se poñan en marcha.



O Concello dotará de sistemas de alarma ás aulas das parroquias

O Concello de Salceda, a través da Concellaría de Ensino que dirixe Tere Pérez, instalará equipos de alarma nas sete aulas coas que conta o CRA Raíña Aragonta nas sete parroquias do municipio. O investimento, con un orzamento de 2.964,50 €, solicitouse a través do Plan Concellos 2017, polo que en canto se reciba a confirmación por parte do organismo provincial, procederase á súa execución. As

previsións son de que os equipos se instalen durante as vacacións de verán dos cativos, evitando así as molestias que se puidesen ocasionar durante o curso escolar.

O CRA Raíña Aragonta é o único colexio de Educación Infantil existente no Concello. Neste curso 2016-2017 conta con un total de 267 nenos e nenas de 3 a 6 anos, repartidos nas 15 aulas coas que conta o centro. Desas 15 aulas, 8 atópanse na sede, ubicada na Rúa

Rosalía de Castro, e as 7 restantes atópanse distribuídas ao longo das sete parroquias de Salceda. A singularidade destas aulas illadas nas diferentes parroquias é para o Concello de Salceda un valor a protexer, con un modelo de ensino no que conviven no mesmo espazo os nenos e nenas de 3 a 6 anos, aprendendo os pequenos dos maiores, e adquirindo unha especial responsabilidade os maiores sobre os pequenos.

Citanía
Mobiliario & Descanso

Victoriano Pérez Vidal, 13 - Salceda de Caselas

Telf./ Fax : 986 34 06 06

www.facebook.com · info@citaniasalceda.com

www.citaniasalceda.com

TUI

Tui recibirá 1.003.000 euros do Plan Concellos 2017 da Deputación

O acondicionamento dos xardíns de Troncoso, a ordenación da rotonda de Guillarei ou a adquisición do Teatro Principal son parte dos proxectos.

O Concello de Tui recibirá este ano 1.003.489,37€ do Plan Concellos 2017 da Deputación de Pontevedra, o que supón un 5,37% máis que en 2016, cando xa se incrementara a contía nun 28% con respecto a 2015.

O alcalde de Tui, Enrique Caba-leiro, explicou que dende o go-berno apostaron polo investimento dos fondos provinciais do Plan Concellos 2017 prioritariamente na mellora de espazos e infraestruturas públicas, en ensino, cultura, deporte... E máis aló deste plan anunciou tamén a próxima sinatura dun convenio coa entidade provin-cial para o investimento de 500 mil euros na humanización da estrada de Caldelas.

O concello de Tui ao abeiro do Plan Concello 2017 solicitou 85.444,40€ para levar a cabo o acondicionamento dos xardíns de Troncoso, e 67.412,37€ para a or-denación da rotonda de Guillarei e o seu entorno co obxectivo de

embelecer esta entrada ao casco urbano cun proxecto paisaxístico. Tamén se solicitaron 20.902,99 para a regulación con semáforos do cruzamento entre a rúa Calzada e a Avenida da Concordia.

Outro dos proxectos presenta-dos á institución provincial é a adquisición do Teatro Principal, de cara a súa posterior rehabilita-ción, cun investimento de 30 mil euros, e unha intervención nas cubertas exteriores do cárcere vello e na ponte do Mosteiro en Pexegueiro cun orzamento de 28.296,74€ e de 3.458,69€ res-pectivamente.

O goberno municipal plantexa a reforma dos vestiarios nas ins-talacións deportivas Álvarez Durán cun orzamento de 69.889,60€, a ordenación do patio da Escola In-fantil Galiña cun investimento de 67.412,37€, a reforma das insta-lacións do Conservatorio Profesio-nal de Música, cun orzamento de 68.590,05 e a instalación dunha caldeira de pellets e emisores tér-

micos no antigo convento de Santo Domingo, onde ten a súa sede a aula da UNED, cun orza-mento de 49.866,77€.

Outras actuacións previstas, grazas ao Plan Concellos 2017, son a instalación dun MUPI Dixi-tal na praza da Inmaculada onde ofrecer información turística, cul-tural, deportiva... cun orzamento de 12.378,12€. Entre os proxectos presentados tamén ao Plan Con-cellos 2017 está a mellora da pa-vimentación de viais en Rebordáns, Chans en Randufe e Circos en Pazos de Reis por un importe total de 144.825,82 €. Tamén se solicitou a achega de 51.524,73€ para a creación dun módulo de 48 nichos no cemiterio municipal en Guillarei. E por outra parte con-téplase a adquisición dunha mo-tocicleta para a Policía Local, dun sonómetro, dun equipo de medi-ción, e de material e software in-formático cun investimento total de 86.947,78 €.

Cómpre lembrar tamén a achega de 225 mil euros destí-nanse a contratación de 23 traba-lladores para diversos servizos dentro da liña 3 deste plan.

O Concello solicitou á Xunta cinco cursos de formación para desempregados



O Concello de Tui vén de solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria, cursos de forma-ción con prioridade para persoas desempregadas. Solicitáronse as especialidades de “Montaxe de mobles e ele-mentos de carpintería”, “Opera-cións de fontanería e calefacción climatizacións do-méstica”, “Operacións auxilia-res de montaxe de redes eléc-tricas” (dúas edicións), “Instalación de elementos de carpintería” e “Venda de produ-tos e servizos turísticos” (tres módulos da especialidade).

As persoas que desexen re-alizar os cursos de “Operacións de fontanería e calefacción cli-

matizacións doméstica” e “Operacións auxiliares de mon-taxe de redes eléctricas” non é preciso que contén con nin-gunha titulación, mentres que para participar nos cursos de “Montaxe de mobles e elemen-tos de carpintería e Instala-ción de elementos de carpintería” é preciso ter título da ESO ou acceso a accións de nivel 2, e para o curso “Venda de produtos e servizos turísti-cos” é preciso ter título de ba-charelato ou similar ou acceso a acción de nivel 3.

As persoas interesadas en realizar algún destes cursos pode solicitar información na súa oficina de emprego ou no correo cfo@concellotui.org.

De ida y vuelta
Ropa nueva, vintage
y segunda mano

Detrás da Igrexa en Pontearreas

www.ropadeidayvuelta.com info@ropadeidayvuelta.com

Construcciones ito
At. al cliente: 986 60 52 83

Reformas · Carpintería
Pintura · Fontanería
Albanilería · Electricidad

Area - Regueiro, 31 B
36711 - Tui

www.piscinastito.es [evanistofoe](https://www.facebook.com/evanistofoe)

TENEMOS TODO PARA TU PISCINA

piscinas

Area - Regueiro, 31 B
36711 - Tui

www.piscinastito.es At. al cliente: 986 60 52 83

PULPEIRAS
ARENTEIRO
do Carballiño

LABORES DOMÉSTICAS **SERVICIO DE CANGUROS**

edades
servicios sociales

ASISTENCIA HOSPITALARIA **AYUDA A DOMICILIO**
TIENDA ORTOPEDIA **TERCERA EDAD**

Telf: 986 60 06 42
C/ Maristas, 5 bj-dcha
Tui (Pontevedra)
www.edades.org/tui10.htm

NL

Hnos. Núñez Lorenzo, s.l.
CORREDURIA DE SEGUROS
Ovidio Carballo Patricio
Dpto. Comercial

Avda. Calvo Sotelo, 13 - Baixo - 36700 TUI
Telf: 986 601 539 - Fax: 986 607 028
Móvil: 629 880 027
ovidio@hnos-nunez.com

BAIXO MIÑO

TOMIÑO

Pontón propón impulsar o banco de terras para dar superficie aos viveiros do Baixo Miño

A portavoz do BNG visitou o concello de Tomiño onde tamén mantivo unha xuntanza coa asociación de persoas usuarias das traídas de augas que defenden a xestión pública da auga fronte a ameaza do novo regulamento da Confederación Hidrográfica Miño-Sil e as políticas privatizadoras da Xunta

Na súa visita ao concello de Tomiño, a portavoz nacional do BNG, Ana Pontón salientou que naqueles concellos onde goberna o BNG teñen lugar rápidos cambios que “democratizan os concellos, devolven os espazos públicos aos cidadáns e apostan por servizos públicos de calidade”.

A portavoz do BNG mantivo ao longo do día diversos encontros con axentes sociais e económicos do concello nos que tamén participaron a alcaldesa nacionalista, Sandra González e a deputada por Pontevedra, Montse Prado.

Na reunión coa asociación COXAPO, que aglutina a máis de 76.000 usuarios e usuarias das traídas de augas, Pontón comprometeuse a trasladar ao Parlamento os problemas derivados do novo regulamento da Confederación Hidrográfica Miño Sil e que ameaza a xestión pública da auga e seguir denunciando publicamente as políticas privati-



Ana Pontón coa corporación municipal de Tomiño

zadoras da Xunta de Galiza. “Existe un sistema de xestión comunitario que garante, cumprindo coa legalidade o subministro de auga a toda a poboación” e levaremos iniciativas ao Parlamento para que o que “existe na actualidade se regularice”, dixo.

Por outra parte, a portavoz do BNG propuxo restituír o banco de terras para dar superficie aos viveiros do Baixo Miño, un sector, afirmou, do que viven máis de 500 persoas, entre elas moitas mulleres e que segue creando moitos postos de traballo. No encontro cos representantes do sector viveirista, a nacionalista lembrou que a iniciativa do banco de terras, impulsadas polo BNG, daba

resposta á falta de superficie para a produción pero o Goberno do Partido popular “paralizou o desenvolvemento desta iniciativa”. Pontón lembrou que o concello de Tomiño conta co maior nú-

mero de viveiros de Galiza e ocupa o quinto lugar no Estado. Este sector, da flor e horta vive un momento de gran crecemento polo que debe contar con terras que na actualidade non producen.

Neste sentido, recalcou que é preciso poñer en marcha o banco de terras para dar resposta ás demandas d@s viveiristas.

Asemade, a portavoz do BNG visitou o mercado remodelado no ano 2015 polo goberno liderado pola alcaldesa nacionalista, Sandra González e que conta coa denominación de “mercado excelente” outorgada pola Xunta de Galiza e a Escola municipal de Música á que asisten máis de 150 alumnos e alumnas de Tomiño e da localidade portuguesa, Vilanova de Cerveira, iniciativa transfronteiriça que leva o nome de “Gotas de auga por gotas de música”.

A visita ao concello de Tomiño finalizou coa participación da portavoz nacionalista nun acto aberto á cidadanía baixo o título “Os retos do nacionalismo do futuro”.



Reunión con COXAPO

Nº Reg. Sanitario E-36-000038

Óptica mahen

Senén Canido 4 - PONTEAREAS

Ópticos desde 1939

TOMIÑO

A Asociación Fibromiño atenderá un día á semana no Centro Vontade de Tomiño

A partir do día 1 de xuño, a Asociación de Enfermos de Fibromialgia do Baixo Miño Fibromiño, con sede na Guarda, comezará a atender todos os mércores, de 10.30 a 12.30 horas, nun local cedido polo Centro Vontade (Barrio A Rocha).

Por outra banda, con motivo do Día Internacional da Fibromialgia, o 10 de maio, de 10 a 14 horas, a Asociación montou unha mesa informativa nos soportais do Mercado Municipal de Tomiño, aproveitando a celebración do mercadinho semanal, co fin de concienciar e sensibilizar a poboación, incluída ás propias familias, da situación tan delicada pola que pasan a diario. Neste día presentaron o novo logo da

asociación, o seu lema será: "Con mil bágoas por dentro e mil sorrisos por fóra".

Coa colaboración do Concello de Tomiño, repartiron 500 folletos e coa colaboración de panadeiros e pasteiros desta vila, fixeron unha degustación gratuíta de doces.

Viaxe ás termas

Entre as actividades organizadas pola asociación, hai unha viaxe ás termas de Prexigueiro (Ribadavia. Ourense) o día 23 de maio, que terá un custe de 10 euros para socios e de 22 para non socios. A viaxe, que comezará na Guarda, con paradas en O Rosal (Praza do Calvario), Tomiño (parada de autobuses próxima á Praza do Seixo) e Tui (á altura do Super-



mercado Día), inclúe desprazamento, entrada ás termas e comida, ademais dunha visita vespertina ao centro histórico de Ribadavia. Para anotarse, as persoas interesadas en facer esta visita, poden chamar ao número 606 61 26 45, ou enviar un correo electrónico a fibrominho@gmail.com.

Tomiño celebra as Letras Galegas con descontos do 50% en libros; obradoiros de xoguetes populares, contacontos e concerto

O mércores 17 de maio, Día das Letras Galegas, a Praza do Seixo encherase de actividades lúdicas e educativas, organizadas polo Concello para conmemorar esta data tan importante.

Coma en anos anteriores, haberá descontos na venda de textos, escritos en lingua galega, que ascenderán ate o 50 % do seu valor real.

As actividades comezarán ás 10.30 horas, coa venda de libros e obradoiros relacionados coa figura do escritor desaparecido Carlos Casares; a cultura e lingua galegas, dirixidos tanto a nenos e nenas, coma a persoas adul-

tas. Ás 14.30 farase un descanso, retomando as actividades de 17.00 a 20.00 horas.

A Agrupación Musical de Goián, ofrecerá un concerto na propia praza, ás 12.00 da mañá.

Pola tarde, a partir das cinco, haberá obradoiros de xoguetes populares e tradicionais, e unha hora despois, contacontos "Cantos Animais", con Susa Herrera, e sinatura de libros ao rematar.

Ás sete da tarde, dará comezo unha foliada, sendo necesario traer o instrumento para poder unirse.

En caso de choiva, as actividades trasladaranse ao mercado municipal.

O Concello formaliza un protocolo co comercio tomiñés, para coñecer a situación actual do Mercado Aberto e iniciar liñas de mellora

O Concello de Tomiño vén de formalizar un protocolo de actuación con ADETO (Asociación de Autónomos de Comercio, Hostalería e Industria de Tomiño), co fin de coñecer a situación actual do Mercado Comercial Aberto de Tomiño e tentar melloralas.

O devandito protocolo, asinado onte á noite pola alcaldesa de Tomiño, Sandra González, e o presidente de ADETO, David Vila, ambas as partes conveñen en iniciar liñas de colaboración para a organización e desenvolvemento de actividades precisas que teñan coma finalidade coñecer o estado actual do mercado aberto na vila e da súa visibilidade. Para este fin, elaborárase un estudo da situación da mercadotecnia de Tomiño; un análise do estudo e proposta de medidas correctoras e un informe final das actuacións e resultados.

O Concello colaborará econo-

micamente para sufragar as actividades previstas por ADETO, até un límite de 2.722,50€, ou do 50%, se o importe total das mesmas fose inferior a esa cantidade.

As accións, contidas nunha memoria elaborada pola asociación de comerciantes, terán que desenvolverse até o 30 de novembro de 2017, coma data máxima de celebración.

Ademais, ao remate do proxecto, ADETO terá que presentar unha memoria explicativa das actividades levadas a cabo, así coma un exemplar do estudo previo e conclusións.

Durante a reunión celebrada onte, á que asistiron varios comerciantes e o concelleiro de Promoción Económica, o responsable de levar a cabo o estudo do mercado aberto, explicou detalladamente as actividades a realizar, que incluírán en unha primeira fase, a realización de



enquisas a cada un dos comerciantes e a clientes, visitas de clientes misteriosos, recepción de ideas e suxestións, etc.

Logo desta etapa, impartirase formación "á carta" nos temas que os propios comerciantes demanden, segundo as súas carencias.

Neste sentido, o responsable de facer o estudo salientou a necesidade de incluír e potenciar o uso das novas tecnoloxías e redes sociais en todos os comercios.

A sinatura deste protocolo pon de manifesto, segundo explica a alcaldesa de Tomiño, a "preocu-

pación porque se mellore a formación dos profesionais do mercado e a calidade da atención ao cliente no eido do mercado comercial aberto, ao ser considerados aspectos que contribúen a mellorar o atractivo turístico da nosa localidade.

BAIXO MIÑO

A GUARDA

As praias de O Muíño e Area Grande acadaron a Bandeira Azul para o 2017



Un ano máis as praias de “O Muíño” e “Area Grande” do Concello de A Guarda lucirán o distintivo internacional de bandeira azul.

A Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor (ADEAC), e a rama española da Federación Europea de Educación Ambiental (FEE) fixeron público hoxe o listado de todas as bandeiras azuis que se concederon no territorio español para esta tempada de verán.

A praia de Area Grande e do Muíño obteñen este distintivo como recoñecemento á calidade medio ambiental e aos servizos que ofertan. Estas praias contan cos servizos esixidos por Bandeira Azul como paneis informativos, análise de augas, servizo de limpeza e de recollida de residuos, duchas e aseos, e o servizo de salvamento e socorrismo que atende aos dous areais e que comezará co arranque estival.

A praia “Area Grande” luciu por pri-

meira vez este distintivo no ano 2009, e dende esa data, todas as tempadas o conseguiu. Pola súa banda, o areal “O Muíño”, renovou a bandeira azul no 2010. Ademais da bandeira azul esta praia fluvial tamén contará co distintivo “Ecoplayas”.

O concello da Guarda quere resaltar o esforzo realizado para a súa concesión no referente o mantemento e mellora das actuacións e servizos véndose recompensado un ano máis coas dúas bandeiras azuis para o concello.

Nesta resolución tamén se lle adxudicou o distintivo de “Sendeiro Azul” o camiño que une ambas praias. Este camiño ten o recoñecemento dende o ano 2013. A finais do pasado ano o Concello da Guarda enviou a documentación da candidatura para que as súas praias e o sendeiro conseguiran este distintivo. Despois de pasar un tribunal nacional e tamén un internacional, finalmente hoxe, publicouse o resultado.

A Rede de Museos da Guarda celebra o Día dos Museos con tres obradoiros para todo o público

O próximo xoves 18 de maio celébrase o Día dos Museos polo que se organizan diferentes obradoiros na Rede de Museos da Guarda para conmemorar esta data.

Durante a fin de semana do 20 e 21 de maio terán lugar os tres obradoiros gratuítos e dirixidos ao público en xeral e nenos a partir dos 7 anos. As prazas para cada obradoiro son limitadas polo que se establece unha inscrición previa 30 minutos antes do comezo do mesmo. Deste xeito, asegúrase que os interesados asistan a actividade en concreto.

O obradoiro de “CERÁMICA CASTREXA” será o primeiro e realizarase o sábado 20 ás 12.30 h no entorno da Ermida de Santa Trega. A inscrición realizarase a partir das 12.00 no MASAT, Museo Arqueolóxico de Santa Trega, e en caso de choiva farase no interior deste museo. Neste obradoiro os participantes coñecerán as diferentes técnicas de modelado, a transformación do barro en cerámica ou as súas utilidades na vida dun castro. Ademais, empregarán as mans e as ferramentas necesarias para crear a súa peza de cerámica.

O sábado ás 17.00h está previsto o segundo obradoiro “ELABORACIÓN DE NUDOS MARIÑEIROS” no Museo do Mar. A inscrición farase no mesmo museo 30 minutos antes. Os protagonistas deste obradoiro serán os participantes que aprenderán a realizar os nudos mariñeiros das mans expertas de Luis Lomba Martínez, mariñeiro da Guarda xa retirado. Polo que poderán coñecer a importancia dos nudos mariñeiros no traballo dun mari-

ñeiro.

O terceiro obradoiro terá lugar o domingo 21 ás 17.00h no Castelo de Santa Cruz. Ao igual que nos demais obradoiros, a inscrición farase 30 minutos antes no Centro de Interpretación das Fortalezas Fronteirizas. O obradoiro de “HERÁLDICA. DEBUXA O TEU ESCUDO” permitirá aos nenos coñecer a historia da Guarda e debuxar en láminas o seu escudo cunha técnica diferente.

Estas actividades están dentro do marco do Centenario do Museo Arqueolóxico de Santa Trega. Organiza Concello da Guarda coa colaboración do Padroado Municipal do Monte Santa Trega e a Deputación de Pontevedra.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIÓNES
TODO TIPO DE XESTIÓN COAS INSTITUCIÓN PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B • 36860 PONTEAREAS • T. 986 66 00 00 • F. 986 66 01 03

A GUARDA

O BNG pide no parlamento a construción do acceso sur do peirao

Destaca que é unha demanda unánime que debe ser atendida coa colaboración da Xunta, concello e a Deputación de Pontevedra



A deputada por Pontevedra Montse Prado trasladou ao Parlamento a demanda “vella e unánime” de construír o acceso sur para o Porto da Guarda coa finalidade de mellorar tanto o tráfico no rodado no centro urbano como a mobili-

dade e a competitividade no peirao, nun concello de case 11.000 habitantes no que a actividade pesqueira é fundamental na economía local.

“É unha demanda unánime das forzas políticas do concello dotar dun acceso en condicións

ao Porto da Guarda para solucionar os problemas de mobilidade da Rúa Concepción Areal, que viña funcionando como único vial de comunicación ao peirao pero que hoxe está totalmente integrada no casco urbano e deixou de ser acaída para facilitar o tráfico portuario”, explicou Prado durante o debate parlamentario.

A deputada salientou o peso do sector do mar neste concello, motor fundamental da economía local. “A proposta do BNG pide actuacións para favorecer o crecemento desa economía local, que mellorará cunhas infraestruturas acaídas”, indicou.

40 embarcacións de arte menores, con capturas específicas como polbo ou percebe, explotación de novos recursos como o ourizo e as algas, a instalación



dunha nova para a confección de redes, que favorece o acceso ao mercado laboral das mulleres nunhas condicións dignas, amosan a puxanza da actividade vinculada ao porto.

“Tamén podería recibir descargas da flota portuguesa se o porto tivese uns accesos rápidos para sacar os produtos pesqueiros o que fai necesarias actuacións para mellorar as infraestruturas”, argumentou. Prado tamén deixou claro que

a construción do acceso sur tamén melloraría a mobilidade xeral no municipio, dando un papel fundamental aos viandantes, “facendo unha Guarda máis habitable, cun tráfico reducido polo centro do casco histórico”.

A deputada criticou a negativa do PP a dar luz verde a demanda de fondos para esta actuación “que debería levarse a cabo por parte de Portos de Galiza co apoio do concello e da Deputación de Pontevedra.

A Asociación Cultural Guardesa homenaxea a Nani Matos

Na Asemblea Xeral Extraordinaria da Asociación Cultural Guardesa (A.C.G.) celebrada o día 25 de abril de 2017, foi elixido D. Laureano Matos Barcia, “Nani” para ser homenaxeado co gallo do Día

das Letras Galegas 2017.

Nani Matos naceu en Campsancos (A Guarda) en 1966. Traballa en teatro desde o ano 1999. No eido audiovisual ten participado en teleseries como actor episódico, spots publicitarios e

distintas curtametraxes, protagonizando “Esperanza para vivir”, “A guerra dos grelos”, “Reflexos” ou “Que me escribas”, entre outras.

Dirixiu as curtametraxes “Días de”, “Flores para Amalia” e “Lurna”, das que tamén é guionista. As tres recibiron importantes premios cinematográficos nacionais e internacionais.

O acto da homenaxe será o sábado 3 de xuño ás 9 da noite no

Centro Cultural da Guarda. Falará sobre Nani Matos D. Luís Iglesia Besteiro.

Como ven sendo tradicional, a A.C.G. entregará un libriño homenaxe aos asistentes ó acto.

Contarán coa actuación do Grupo de Pandeiretas da A.C.G., dirixida por Berta Castro; o Grupo Antorcha, dirixido por María José Baz e o cantautor guardés Tino Baz.



VAL MIÑOR

20 locais con 40 propostas gastronómicas no VI Bai de Tapas



Baiona xa saborea as delicias que este ano presenta a nova edición do concurso gastronómico Bai de Tapas. “O listón está moi alto pero os nosos hostaleiros demostrarán outra vez do que son capaces e confiamos en que os 20 locais participantes traballen para que esta sexta edición do Bai de Tapas repita o éxito obtido en anteriores ocasións, con preto de 30.000 tapas vendidas”, afirmou a concelleira de Turismo.

O VI Concurso “Bai de

Tapas” se celebrará entre o 11 de maio e o 4 de xuño e, como en anos anteriores, cada establecemento poderá presentar entre 1 e 3 tapas, que ofrecerá a un prezo de 2 euros (3,5 cun viño dos colaboradores: Albariño Albanta, Mencía Vía Imperial ou Rioja Campo Viejo).

O Premio á “Mellor Tapa” resultará de todas as votacións realizadas polos consumidores das tapas nos establecementos. Cada participante deberá votar a tapa ou tapas de, como mínimo, o 30% dos locais partici-

pantes, valorando de 0 a 10, e onde lle porán o selo de cada local. Unha vez conseguidos os selos necesarios e puntuadas as tapas poderán deixar as súas votacións, xunto cos seus datos persoais, nas furnas e caixas de correo habilitadas para tal fin, e así optar aos premios que reparte cada establecemento entre os votantes.

Nesta edición participarán un total de 20 establecementos de Baiona e Sabarís que prepararán 38 propostas gastronómicas.

O BNG critica a improvisación na mellora da Avenida Xulián Valverde en Sabarís

Remitido.

Unha vez máis o Goberno municipal do Partido Popular en Baiona demostra realizar unha política de dar tumbos e non ter unha idea clara e definida da Baiona que debe ser. Desta vez rebélanse creadores dun novo conflito na regulación de usos da avenida de Xulián Valverde en Sabarís.

A mellora da Avenida Xulián Valverde foi un proxecto impulsado e presentado polo Bloque Nacionalista Galego que o Partido Popular adoptou, mais con deficiente execución. Non contentos con executar problemáticamente as obras na súa primeira fase, cos conseguíntes perxurios sin compensación para o comercio da zona, colocaron uns bolardos disuasorios

resultaron ser unha fonte de conflitos.

A idea orixinal por parte do BNG para a mellora do entorno era transformar unha estrada adicada ao tránsito de vehículos co fin de crear unha avenida para o uso e disfrute peatonal, ao mesmo tempo que se aplicaba unha adecuación á celebración do mercado semanal.

Toda adecuación de avenidas, denominada habitualmente humanización, conleva unha serie de actuacións paralelas para que o cambio na súa concepción sexa progresiva e non xenere tensión entre vehículos, transeúntes e comercio.

Xa que logo, a instalación de bolardos disuasorios non é máis cun parche debido a que

o goberno do Partido Popular ter unha concepción negativa da mentalidade do veciño, sumado á falta de formación e información a todos os afectados e afectadas.

O Bloque Nacionalista Galego sí que ten claro cal é o modelo da Baiona que debe ser. Por iso demanda do Goberno municipal que suprima todas as barreiras na Avenida Xulián Valverde e non as substitúa por un novo foco de conflito, sinón pola concienciación colectiva na que se integren colectivamente a veciñanza, a pé ou en vehículos rodados, e o comercio tanto local como ambulante. Só así esta avenida poderá converterse nunha arteria dinamizadora da parroquia de Santa Cristina.

Campamento Urbán Gondoverán 2017

A Concellería de Igualdade, a través do Centro de Información á Muller (CIM), pon en marcha, por sexto ano consecutivo, o campamento Gondoverán cofinanciado pola Deputación de Pontevedra.

Gondoverán é un campamento de lecer e tempo libre para fillas e fillos de familias traballadoras, ademais dunha Medida Municipal de Conciliación de Promoción Autonómica, validada como tal pola Secretaría Xeral de Igualdade no 2012.

Polo tanto o seu obxectivo é o de favorecer a conciliación da vida familiar e laboral durante o mes de xullo en horario de 9 a 14h con posibilidade de 8 a 15h, ao tempo que se potencia o desenvolvemento integral da nena/o a través dunha programación que combina o xogo con actividades creativas, culturais e coñecemento do entorno próximo, dende unha pedagogía do lecer baseada na educación en igualdade e hábitos saudables.

Contarase con 100 prazas para rapaces e rapazas que teñan o seu empadramento no

Concello de Gondomar nados entre os anos 2004 (non poderán facer 13 anos antes da finalización do campamento) e 2014 (deberán ter feitos 3 anos ao inicio do campamento) e cuxos proxenitores sexan persoas traballadoras en activo (por conta allea ou propia). En caso de quedar prazas libres serán admitidos/as doutros concellos, con preferencia de aqueles cuxos proxenitores sexan traballadores no municipio de Gondomar. Estas prazas serán adxudicadas por orde de entrega de documentación a través do Rexistro no Concello ou na sede electrónica.

O prezo será de 65€ neno/a.

A inscrición realizarase do 10 ao 19 de maio a través do Rexistro Xeral do Concello de luns a venres en horario de 8.30 a 14h ou ata as 24h a través da Sede Electrónica

Para calquera dúbida os/as interesados/as poderanse dirixir ao CIM, na Casa da Cultura, nos teléfonos 986 389 355/986 360 224 ou no seguinte correo electrónico: aio@concellodegondomar.com

A Xunta autoriza expropiacións na estrada PO-552 en Vigo e Nigrán para sendas peonís e ciclistas

O Consello da Xunta aproba o decreto polo que se se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción dun Itinerario peonil e ciclista na estrada PO-552, nos treitos Coruxo - Roteas, A Estea e Priegue, nos Concellos de Vigo e Nigrán.

O Decreto de Utilidade Pública comprende as expropiacións das 32 fincas necesarias para a execución de tres tramos de senda para uso peonil e de ciclistas na estrada PO-552 (Vigo-Tui), 25 delas no Concello de Vigo e 7 no de Nigrán.

Este itinerario, cun investimento de máis de 868.000 euros, está enmarcado no Plan de Sendas de Galicia, na comarca de Vigo, que contempla a execución de 12,5 km de novas sendas, cun orzamento global duns 5 millóns de euros, actuacións incluídas no programa de Galicia dos fondos

europes FEDER 2014-2020.

Na estrada PO-552, o Plan de Sendas contempla varios itinerarios peonís e ciclistas. Así, no paseo marítimo existente en Baiona diferenciaranse os espazos destinados a peóns ciclistas na zona próxima ao Parador. O contrato de obras xa está adxudicado e está previsto iniciar os traballos no mes de setembro para non causar molestias ao importante número de usuarios do paseo nos meses de verán. Na mesma estrada prevese complementar o itinerario na zona de Santa Marta, para o que o proxecto xa está redactado.

Outra senda proxectada nesta comarca construírase na PO-331, dende O Porriño ata o paso superior existente sobre a AP-9 nas proximidades de Atín, no Concello de Mos. A Concellería de Infraestruturas xa adxudicou o contrato para a execución desta actuación.

Fronte común de Deputación, concellos e Cámaras do Miño para reclamar unha aposta pola mobilidade que permita ao territorio Vigo-Oporto ser competitivo e cohesinado

A presidenta da Deputación e o deputado de Cooperación Transfronteiriza destacaron a importancia da creación da AECT Río Miño para obter fondos europeos e instaron ao goberno español a potenciar a conexión ferroviaria

A Deputación de Pontevedra, os concellos transfronteirizos da provincia e do Norte de Portugal reclamaron hoxe aos diferentes gobernos e administracións unha aposta real pola mellora da mobilidade na 'raia' do Miño para facer o territorio transfronteirizo ser máis competitivo. Tanto a presidenta da Deputación, Carmela Silva, como o Deputado de Cooperación Transfronteiriza Uxío Benítez destacaron a importancia da creación da Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) Río Miño para acadar fondos europeos, pero subliñaron a necesaria implicación do goberno español -en concreto- para potenciar a conexión ferroviaria entre Vigo e Porto.

Na apertura das xornadas organizadas pola Deputación sobre 'Mobilidade transfronteiriza: a raia húmida a debate a través de casos europeos de éxito' que se celebrou o día 5 de maio en Tui, a presidenta Silva destacou a importancia da cooperación entre os territorios luso e galego para rachar fronteiras. "Portugal aposta polo tren e non ocorre así no noso estado. As administracións están obrigadas a escoitar os proxectos intelixentes que se están a plantexar dende o territorio transfronteirizo do Miño coa creación da nova AECT, que demandan en voz alta investimento. Temos que ser un grande centro de atracción e esixir que os fondos de UE para desenvolver os territorios transfronteirizos se destinen a eses territorios realmente", subliñou.

Pola súa banda, o deputado Uxío Benítez sinalou que é preciso mudar a fórmula en que na actualidade os gobernos centrais dan solución aos problemas de mobilidade, xa que consideran que os seus territorios non están interconectados. Segundo dixo o nacionalista, a realidade demostra que non se pode dar unha visión centralista da mobilidade xa que, no caso da fronteira do



Miño, o paso fronteirizo soporta o 47% dos fluxos entre España e Portugal e as relacións económicas son moi fortes. Explicou que, de ser un país independente, Galicia sería o oitavo estado de exportacións de Portugal, triplicando as exportacións que se dan con Brasil. "Iso son os feitos. A economía flúe, a sociedade vai por diante das administracións, polo que é necesario que os políticos contribúan a que o territorio entre Vigo-Porto estea correctamente conectado. A conexión deste eixo é máis importante que a conexión co eixo central do estado", subliñou.

Pola súa banda, o alcalde de Tui reclamou unha lexislación propia e específica para os territorios transfronteirizos, xa que un dos principais problemas de cooperación xurde das diferentes realidades xurídico administrativas dos concellos da 'raia'. Neste sentido, subliñou que a AECT Río Miño supón un instrumento de colaboración que permitirá desenvolver máis o territorio, pero sinalou que resulta fundamental que as conexións ferroviarias que dependen do estado central teñan un pulo inmediato. "Hai unha infraestrutura no século XXI que segue as trazas do século XIX ou XX. É imposible cohesionar o Eixo Atlántico se o tren non se desenvolve con optimización", asegurou, defendendo a saída sur de Vigo como unha realidade. "O territorio estao pedindo a berros", subliñou.

O presidente da Cámara de Valença, Jorge Mendez, fixo un percorrido polas diferentes políticas de colaboración e desenvolvemento postas en marcha dende a UE. Recoñeceu que "os tempos das infraestruturas xa pasaron", pero manifestou a necesidade de que os fondos fiquen nos territorios das fronteiras, xa que se antes todos estaban destinados a estradas, pontes, aeroportos agora só se destina o 20%, feito que incide directamente na mobilidade entre rexións e no seu desenvolvemento conxunto. Finalmente, o representante da USC -entidade coorganizadora das xornadas-, Juan Manuel Trillo, apuntou a importancia da colaboración entre a universidade e a realidade, da man da Deputación e os concellos, para buscar solucións á mobilidade: "As barreiras aínda existen. A nova AECT Río Miño sacará conclusións destas xornadas sobre mobilidade para o seu desenvolvemento", finalizou.

Instrumentos financeiros dispoñibles

Os expertos relatores que están presentes hoxe en Tui tamén mostraron a súa visión da mobilidade e a cohesión transfronteirizas a través das institucións europeas. Tanto o técnico da UE sobre cooperación territorial e AECT, Dirk Peters, como o secretario xeral da Asociación de Rexións Fronteirizas de Europa (ARFE), Martín Guillermo, fixeron referencia á escasa referencia á cooperación

transfronteiriza que existe nos programas de traballo e desenvolvemento tanto do goberno central como da Xunta de Galicia. Peters subliñou que nas propostas sobre mobilidade 2014-2020 do goberno galego apenas hai dúas referencias a Portugal e outro tanto ocorre no caso dos programas lusos. "Pódese considerar divertido ou triste, segundo como se mire, que os programas de actuación falen dos territorios como illas que non teñen nada ao seu arredor", salientou. "Se en 300 páxinas só se menciona a cooperación transfronteiriza en dúas ocasións é evidente que debe haber máis consultas entre ambos países á hora de planificar a mobilidade a nivel rexional e estatal", insistiu, e subliñou, que a Xunta de Galicia, por exemplo, pode desenvolver proxectos moi interesantes vencellados á mobilidade tendo como referencia ás axudas para a redución de emisións de carbono.

Pola súa parte, Martín Guillermo tamén coincidiu en que os gobernos non están a apostar pola mobilidade transfronteiriza a día de hoxe. Fronte ás críticas que apuntan á falta de fondos europeos para infraestruturas (nos programas do Interreg), asegurou que existe un grande descoñecemento en toda a Unión Europea sobre as políticas de cooperación tanto dende os gobernos autonómicos como do estado. "Hai instrumentos financeiros dispoñibles

para aproveitar. Poden resultar complexos, pero están a disposición", resaltou.

Durante a xornada sobre Mobilidade Transfronteiriza tamén houbo oco para falar de diferentes experiencias de mobilidade de éxito na Unión Europea das que a AECT Río Miño vai tomar como modelo. O caso máis salientable foi o do relator suízo Frédéric Duvinage, director do Eurodistrito Trinacional de Basilea. Finalmente, Gorka Ugalde, director adxunto do Euskotren, non puido estar presente, mais de xeito explicativo remitiu un vídeo no que se deu a coñecer a orixe, funcionamento e funcionalidade da liña férrea do País Vasco. Tamén participaron Joaquín Palacín, director xeral de Ordenación do Territorio do Goberno de Aragón; e Benjamín Cubillo, subdirector de Transporte público e mobilidade da Generalitat de Catalunya.

Finalmente, pola tarde, o deputado de Mobilidade e Cooperación Transfronteiriza Uxío Benítez, moderou a mesa de debate sobre a mobilidade transfronteiriza como factor de desenvolvemento na que estiveron presentes Júlio Pereira, secretario executivo da Comunidade Intermunicipal do Alto Minho; Xosé Carlos Fernández, enxeñeiro técnico de Obras Públicas, responsable da web 'O Camiño de Ferro en Galicia'; e Miguel Pazos Otón, profesor da USC e investigador en mobilidade e transportes sostibles.

MISCELANEA

Bueu consegue a Bandeira Azul para catro praias, a aula de Cabo Udra e Agrelo e o sendeiro de Udra

A Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor (ADEAC) vén de anunciar as bandeiras azuis para os areais de España durante este verán. Así, o Concello de Bueu mantén as catro bandeiras azuis nas praias de Area de Bon, Porto-maior, Lagos e Lapamán. Ademais, a vila morracense consegue o distintivo azul para o sendeiro de Cabo Udra e a Aula da Natureza deste espazo, ao tempo que se estrea o Centro de Interpretación de Agrelo, inaugurado a finais de 2015 tras ser rehabilitado polo goberno municipal.

O municipio bueués recolle un ano máis os froitos das diversas obras e xestións que levan facendo para manter este distintivo que concede a ADEAC como un premio aos concellos que realicen unha labor importante no mantemento e acondicionamento do patrimonio natural. Neste senso, a concelleira de Turismo e Promoción Económica, Silvia Carballo, quixo resaltar que “conseguimos todas as candidaturas que pretendemos”. Ademais, o alcalde da vila, Félix Juncal, destaca a satisfacción por “poder recuperar as catro bandeiras azuis nas praias, situa-



ción que se logra co bo traballo e co mantemento dos servizos no pasado verán”. O rexedor refírese tamén ás dificultades que se tiveron que afrontar desde o Concello no tocante á contratación de socorristas, que levou a que non estivesen contratados a comezos de xullo na praia de Lagos, onde se perdeu o pasado ano o distintivo. Con todo, “o Concello seguiu mantendo os servizos durante toda a tempada,

que é a causa de que se volva recuperar a Bandeira Azul para este areal”, apuntou Juncal.

Por outra banda, desde o goberno local mostran unha dobre satisfacción, pois a entrada do Centro de Interpretación de Agrelo vén a refrendar o traballo realizado polas diversas concellaría na aposta polo medio ambiente como elemento imprescindible de sensibilización e promoción turística.

O cupón da ONCE difunde o Día das Letras Galegas e a figura de Carlos Casares

Cinco millóns e medio de cupóns da ONCE difundirán o vindeiro 17 de maio, Día das Letras Galegas, a festa da nosa literatura e a figura homenaxeada este ano, o escritor, articulista, editor e xestor cultural Carlos Casares Mouriño (Ourense, 1941 – Nigrán, 2002), membro de número da Real Academia Galega desde 1978. O cupón foi presentado na sede desta institución nun acto no que interviñeron o seu presidente, Víctor F. Freixanes; Håkan Casares Berg, administrador da Fundación Carlos Casares e fillo de Carlos Casares; Manuel Martínez Pan, delegado territorial da ONCE Galicia, e Carlos Fernández Lamigueiro, presidente do Consello Territorial da ONCE Galicia.

Víctor F. Freixanes agradeceulle á ONCE a edición deste cupón polo que significa de apoio e proxección exterior da literatura galega e dunha iniciativa, o Día das Letras Galegas, que a Real Academia Galega creou en 1963 rendéndolle homenaxe a Rosalía de Castro. Aquelas pri-

meiras celebracións do 17 de maio, “case clandestinas”, convertéronse hoxe nun fenómeno no que participa “toda a sociedade civil, que é a que sostén un país”, salientou. O presidente da RAG aproveitou ademais a ocasión para agradecerlle á ONCE o traballo que realizar para lle achegar a literatura galega ás persoas invidentes, un labor no que espera que ambas organización poidan colaborar.

Manuel Martínez Pan referiuse tamén á vontade da ONCE de “fomentar o coñecemento da cultura galega” entre os seus afiliados e afiliadas e de exercer de “embaxadora da cultura galega” empregando o vindeiro 17 de maio o cupón, a súa tarxeta de presentación, para “facer acompañamento á festa da cultura galega”.

Håkan Casares Berg agradeceu esta homenaxe a Casares, “fermosa, diferente” e capaz de “chegar a todo o mundo”. O fillo do autor confesou que ten “unha significación especial”, xa que na familia era habitual participar nos sorteos da ONCE.

Gracias

Arbo

Ponteareas

Abertura da sede da Eurocidade Monção-Salvaterra de Miño

Autarcas apostam na dinamização turística do rio Minho e na partilha de serviços na saúde e proteção civil

A abertura da sede da Eurocidade Monção – Salvaterra de Miño, localizada no antigo edifício da PIDE, no Parque da Lodeira, tornou ainda mais consistente e vigoroso o relacionamento frutuoso, desde sempre, entre os responsáveis políticos e as populações dos dois municípios unidos pelo rio Minho.

O novo organismo, inaugurado vinte e dois anos após a entrada em funcionamento da ponte internacional entre as duas localidades, tem como prioridades, entre outras, a realização conjunta de atividades culturais, sociais e desportivas, a valorização do troço fluvial do rio Minho e a dinamização dos recursos endógenos no campo enológico, patrimonial e paisagístico.

Na linha da frente da “ordem de trabalhos” estará também o empreendedorismo transfronteiriço, a partilha de equipamentos coletivos, garantindo escala e rentabi-

lização financeira, e a apresentação de candidaturas a programas comunitários transfronteiriços, visando o fortalecimento da atividade turística e económica.

Numa cerimónia presidida pelo Secretário de Estado das Comunidades Portuguesas, José Luis Carneiro, e pelo Vice-Presidente da Xunta da Galicia, Alfonso Rueda Valenzuela, os dois autarcas raianos, Augusto de Oliveira Domingues e Arturo Grandal Vaqueiro, falaram de um passado difícil e de um futuro promissor.

Consolidar relação umbilical

O autarca monçanense, que recordou a imposição restritiva da fronteira com momentos marcantes na sua memória de criança e jovem, apontou estratégias de futuro que, acrescentou, passam por aprimorar as excelentes relações existentes e garantir melhor qualidade de vida às populações.

Referindo-se a alguns projetos em andamento, como um barco turístico e o alargamento dos passeios da ponte, Augusto de Oliveira Domingues reafirmou o propósito de consolidar esta relação transfronteiriça umbilical nos campos da saúde e da proteção civil.

Disse: “Não entendo porque motivo não



podemos abrir as portas do nosso centro de saúde aos nossos vizinhos galegos. Ou porque os nossos bombeiros não podem intervir no outro lado da fronteira. Senhores governantes, temos de ultrapassar estas situações para que a relação seja de completa liberdade num futuro que queremos construir juntos”.

Uma intervenção com claro enfoque nos próximos anos que Arturo Grandal Vaqueiro ouviu, aplaudiu e reforçou. Para ele, tal como para Augusto de Oliveira Domingues, o rio nunca constituiu obstáculo ao relacionamento entre as duas populações e a ponte é apenas uma rua que liga os dois centros históricos separados por um quilómetro.

“Imagino um pequeno Douro”

Com palavras pausadas e emocionadas, Arturo Grandal Vaqueiro referiu-se à sede da Eurocidade como um instrumento fundamental para a valorização cultural e paisagística de Monção e Salvaterra de Miño, dois municípios vizinhos com potencialidades vínicas (Alvarinho) e patrimoniais (muralhas) semelhantes.

De seguida, com a certeza que cresce na convicção, apontou os próximos desafios da Eurocidade, mencionando dois que, de alguma forma, já tem um caminho perco-

rrido. Por um lado, a valorização da ponte internacional e, por outro, a navegabilidade de um barco turístico:

“A ponte é uma rua e, como tal, temos de tratar bem dela. Iluminação, pintura e alargamento para as pessoas que a cruzam a pé, a correr ou de bicicleta. Estamos também a pensar num barco turístico que possa navegar nestas águas. Já imagino um pequeno Douro com visitas às adegas, circuitos temáticos sobre o vinho Alvarinho e rotas ecológicas”.

Após a cerimónia oficial de abertura da sede da Eurocidade Monção – Salvaterra de Miño, que englobou ainda descerramento de placa e visita às instalações, realizou-se a inauguração da sede da ATEARAIA – Associação Transfronteiriça de Educação Ambiental, no edifício da antiga guardafiscal.

Neste local, procedeu-se à abertura da exposição de fotografia “Portugal Subaquático”, de Luis Quinta, produzido pela CMIA de Viana do Castelo, tendo os membros da associação presenteado autarcas e governantes com um carvalho-alvarinho. O programa terminou com um convívio popular com atuações do grupo “Os Magníficos”, de Monção, e do “Grupo de Gaitas”, de Salvaterra de Miño.



Primeira reunião do grupo de trabalho da Eurocidade Monção - Salvaterra

A equipa de trabalho da Eurocidade Monção-Salvaterra de Miño esteve reunida na passada segunda-feira, pela primeira vez, na sede daquela entidade transfronteiriça, no Parque da Lodeira, em Monção, tendo estabelecido algumas normas de funcionamento e as primeiras linhas de atuação conjunta.

Desta forma, determinou-se o horário de atendimento ao público da sede da Eurocidade que

funcionará de segunda a sexta-feira, entre as 09h00 e as 13h00 (período de manhã), e na quinta-feira, dia de feira semanal em Monção, entre as 15h00 e as 17h00 (período de tarde).

Neste horário, os técnicos responsáveis pelo espaço estarão disponíveis para transmitir informação cultural e turística sobre os dois municípios, bem como prestar todos os esclarecimentos relacionados com questões de mobilidade

transfronteiriça na vertente social e laboral.

A reunião serviu ainda para aprovar a constituição de comissões de trabalho em várias áreas (cultura, desporto, educação, juventude, turismo, meio ambiente, desenvolvimento económico...) com o objetivo de preparar novas candidaturas aos fundos comunitários, nomeadamente à segunda convocatória do POCTEP - Programa de Cooperação Transfronteiriça.



NOVAS DA RAIA

Tapetes floridos embelezam ruas de Monção

Festividade de Nossa Senhora da Rosa, que decorreu a pasada fim de semana tem como ponto alto a ornamentação das ruas do centro histórico por parte dos residentes. Os funcionários da autarquia, com a ajuda de vários elementos de uma associação da localidade galega de Ponteareas, “decoraram” o Largo de Camões.

A Festa em Honra de Nossa Senhora da Rosa, uma das festividades mais acarinhadas pela comunidade monçanense, realiza-se com um programa preparado por uma comissão de jovens com apoio da paróquia local ..

No sábado à noite, a missa solene, seguida da habitual procissão de velas pelas principais artérias da vila com a imagem de Nossa Senhora da Rosa a ser transportada por jovens. Um momento muito participado pela população local.

A partir das a ornamentação das ruas do centro histórico pelos respetivos moradores. O trabalho dura grande parte da noite, aliando-se o trabalho dos residentes ao convívio e comentários de quem passa. Um elogio ou um café trazido por uma mão amiga.

De manhã, as ruas “acordam” enfeitadas com pétalas, funcho, borras de café e serrim de várias cores com criativos desenhos geométricos e diversos motivos religiosos. Até início da tarde, milhares as pessoas visionam os tapetes floridos que participam na missa solene na Igreja Matriz seguida da bênção, distribuição de rosas e procissão pelo centro histórico.

O Largo de Camões, espaço



fronteiro ao edifício dos Paços do Concelho, “ornamentado” por vários trabalhadores da autarquia. Nesta tarefa, contaram com a colaboração de elementos de uma associação de Ponteareas, localidade galega que dista sensivelmente 15 quilómetros de Monção.

Esta amabilidade de nuestros hermanos será retribuída na Festa do Corpus Christi com uma comitiva de trabalhadores locais a fazer trabalho semelhante numa rua do casco urbano de Ponteareas. A tradição comum é uma realidade em ambas as margens do rio Minho e o povo, orgulhoso da sua cultura, teima em preservá-la e valorizá-la.

Reunião de trabalho entre autarquia de Cerveira e União de Exportadores da CPLP



Na reunião de trabalho do presidente do Município de Vila Nova de Cerveira, Fernando Nogueira, com o presidente da União de Exportadores da Comunidade dos Países de Língua Portuguesa (UE-CPLP), Dr. Mário Costa, e o responsável pelo Núcleo do Minho da UE-CPLP, Dr. Orlando Carvalho, esteve ainda presente o Presidente da Câmara Municipal de Arcos de Valdevez, João Manuel Esteves, e responsáveis pela Incubo.

O objetivo deste encontro foi dar a conhecer a dinâmica do concelho de Vila Nova de Cerveira nas mais diversas áreas de intervenção, de modo a encontrar interesses comuns com a UE-CPLP, com vista a eventuais investimentos quer em Portugal quer nos nove países que integram a CPLP (Angola, Brasil, Cabo Verde, Guiné-Bis-

sau, Guiné Equatorial, Moçambique, Portugal, São Tomé e Príncipe e Timor-Leste). Desenvolvimento empresarial, agroalimentar, formação e turismo são pontos comuns para a celebração de eventuais protocolos de colaboração.

Satisfeito com este primeiro contacto e com a expectativa de definição de ações futuras, o autarca cerveirense sublinha que o intercâmbio com a Comunidade dos Países de Língua Portuguesa tem de ser uma realidade, pelas inúmeras vantagens associadas. “O primeiro passo está dado com a integração da VIII Bienal de Jovens Criadores da CPLP na XIX da Bienal Internacional de Arte de Cerveira, pelo que agora temos de alargar a partilha de conhecimentos e de experiências a outras áreas”, assegura Fernando Nogueira.


Nova rotunda na Avenida dos Bombeiros de Valença

Uma reivindicação antiga de valencianos e visitantes vai ser concretizada até ao verão no topo da avenida dos Bombeiros, na confluência dos acessos à A3, ponte ponte internacional e rua José Maria Gonçalves.

A rotunda contará com

uma ampla mancha verde que se alargará às áreas circundantes e marcará o principal acesso à cidade.

A redistribuição do trânsito na cidade contará, em breve, também, com outra rotunda na confluência da rua José Maria Gonçalves com a avenida N^a Sr^a de Fátima.



CONFITERIA
Regino

Especialidade en rosquillas e melindres

Nova gama de productos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables
coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas

986 640 834

A final do concurso MicroCatrorelatos celebrarase o vindeiro 26 de maio no Catro

O mítico Café de Catro a Catro, en Vigo, acollerá a final do concurso MicroCatrorelatos o vindeiro 26 de maio, e nela participarán os oito textos que resultaron elixidos nas catro eliminatorias previas. Deste xeito, “Desacougo azul”, de Julia Tomé; “Amores de tumba”, de Juan A. Carreira; “Bullying”, de Alejandro Vaghetti; “Dous xastres”, de Pociñas Domar; “A veciña do 5ºB”, de M. Souto; “Fada da terra”, de Sole Literata; “Nunca antes vira o mar”, de Mónica Muñoz; e “As balas de koch”, de Francisco Fernández, tentarán gañar un dos dous premios que se entregarán na final do certame.

Ademais de buscar a potenciación da creación literaria en galego, MicroCatrorelatos ten a particularidade de que os textos

gañadores son elixidos polo público asistente e o xurado, que nesta convocatoria está integrado por Clara do Roxo, Amadeo Cobas, Mari Carmen Casal e Ángela Costas (gañadora do certame do pasado ano). Precisamente o premio concedido polo xurado ascende a 300 euros, mentres que o que outorga o público é de 200 euros.

Para escoller os relatos gañadores do concurso o procedemento será o mesmo que nas semifinais pasadas: así, cada persoa deberá emitir o seu voto puntuando con 3, 2 e 1 puntos os orixinais que considere máis salientables e de maior calidade literaria. O certame, que este ano cumpre a súa quinta edición, conta coa colaboración das editoriais Galaxia, Xerais, Elvira, e a asociación cultural 4 Patacos.



Finalistas eliminatoria 2 MicroCatrorelatos

Homenaxe a Carlos Casares en Gondomar

O vindeiro 17 de maio, Día das Letras Galegas, o Instituto de Estudos Miñoráns e o concello de Gondomar, a través da concellería de Cultura, homenaxearán a Carlos Casares, miñorán de adopción, cun acto amenizado polo grupo musical, nesta ocasión en formato trío, 2naFronteira (cuxo amplo repertorio incluírá algún poema do escritor celebrado) e dirixido por Marta

Dacosta, que irá dando paso a outras actividades, entre as que sobresaia a lectura pública de textos do autor homenaxeado. Cómpre tamén salientar a proxección do vídeo Do Vilariño ao Carlos Casares, elaborado polo alumnado e o profesorado do CEIP Carlos Casares, de Vilariño (Nigrán).

O acto comezará ás 19:30h no auditorio municipal Lois Tobío, de Gondomar.

Queremos Galego convoca unha grande manifestación de unidade a favor da nosa lingua

A plataforma cidadá Queremos Galego, composta por máis de 500 colectivos sociais de todo tipo, anuncia a convocatoria dunha multitudinaria manifestación para o 17 de maio baixo o lema “en galego sen límites”. A manifestación percorrerá as rúas de Santiago de Compostela, saíndo ás 12h. da Alameda.

Co lema “en galego sen límites” a plataforma cidadá pretende pór en evidencia os innumerábeis obstáculos para vivirmos en galego con normalidade, e a exclusión sistemática do idioma da maioría dos espazos.

Desde Queremos Galego indicamos que as promesas incumplidas de posibilidade de uso pleno e normal da lingua propia, contidas no Estatuto e na Lei de normalización lingüística, xunto cos importantes retrocesos, son os que ademais provocaron unha reacción social a favor do galego cada vez máis ampla e máis estendida que se visualizará unida, máis unha vez, este 17 de maio. Esta reacción colectiva é a que permitirá reverter o proceso de substitución lingüística e que a garantía de futuro do galego está na forza e na dignidade do pobo galego. Esta forza e dignidade inmensa a de todas as galegas e galegos sen distinción é a que convocamos para este 17 de maio en Compostela. Entre todas e todos podemos mudar a situación e por iso será unha grande manifestación de unidade en torno ao noso idioma.

Fronte a esta resposta de dignidade colectiva, o goberno actual non só non actúa senón que camiña na dirección contraria: sabedores da enorme contestación social e a reacción unánime en todos os ámbitos, dentro e fóra das nosas fronteiras, que tivo e ten o decreto de plurilingüismo, nunha nova mostra de desprezo ao seu cargo e de servilismo ao goberno central, aínda o manteñen a sabendas de que mesturado coa LOMCE nin tan sequera permite que o galego chegue aos límites máximos nos que reclúe o galego”. En vez de avanzarmos



cara un ensino co galego como lingua vehicular, avanzamos cara ao afogamento no castelán omnipresente, como se ve nos datos de exclusión do galego no ensino infantil.

Para Queremos Galego a situación no ensino é indicativa do que tamén acontece noutros moitos ámbitos como a administración, o económico ou o laboral. Os problemas na administración son crecentes grazas, en parte, á chamada Lei de transparencia que obriga a que administracións que como os concellos deran importantes pasos cara á normalización, teñan que publicar toda a documentación en castelán. Curiosamente moitos dos defensores no Estado de que só hai transparencia coa eliminación da lingua propia, están hoxe na cadea ou camiño dela.

Por iso lle pedimos ao señor Feixó que mostre por fin a dignidade que debería de ter o seu cargo e corresponda a dignidade coa que o pobo galego mantén viva a súa lingua malia ser todo en contra, mesmo un goberno como o da Xunta que prometeu cumprir a obriga de promover o uso do galego. Coa

actitude contraria ao galego mostran estar tamén en contra da súa propia existencia como goberno

Por outra banda tamén estase a limitar cada vez máis o uso do galego no ámbito socioeconómico mesmo favorecendo situacións de deslocalización e despedimentos como os que denuncian as e os traballadores dos centros de chamadas, que melloraría a súa situación só con que a opción de galego estivese sempre presente. Neste sector a única resposta que se está a ver en 36 anos de autonomía é a das propias organizacións sociais que impulsan iniciativas como a ILP para o recoñecemento dos dereitos lingüísticos no ámbito socioeconómico.

Para poder asistir á manifestación, a Plataforma cidadá Queremos Galego disporá de autobuses por todo o País. Na Comarca do Baixo Miño os autobuses terán paradas na Guarda, O Rosal, Tomiño e Tui cunha tarifa de 5€ por persoa, mais, cómpre reservar praza antes do luns día 15 de maio nos teléfonos: 616090632/986610465

Primavera de Música As Neves '17

Domingo 23 de Abril




Sofía Espiñeira
Cantautora
As 20h no Mercado Municipal

Domingo 14 de Maio



DONICELAS
Música Tradicional
As 20'30h na Praza Maior
(En caso de choiva no Auditorio Municipal)

Sábado 3 de Xuño




Aulas de Baile impartidas pola escola "Swing on Vigo" +
THE ALLEY STOMPERS
Aulas de baile Lindy Hop e música Swing
As 20h na Praza do Concello
(En caso de choiva na casa da xuventude)

Sábado 17 de Xuño



GHZ + REBELION DO INFRAMUNDO
Rap
As 22'30h na Casa da Xuventude






XVIII XORNADAS DE TEATRO DE ALXÉN

19, 20 e 21 de Maio



Venres 19 de Maio

19:30h - Grupo de teatro infantil ATA SEMPRE coa obra "Planeta Bugallo"
22:00h - Grupo de teatro de A FEIRA coa obra "Os fillos do Aniceto"
23:00h - ISABEL RISCO co espectáculo "Nabiza Girl"

Sábado 20 de Maio

23:30h - Grupo de adultos ATA SEMPRE coa obra "O Concurso"


Domingo 21 de Maio

13:00h - Pasarrúas coa Banda de Gaitas de ALXÉN
13:30h - Actuación no torreiro de festas do grupo de Pandereteiras AS CARABUÑEIRAS
17:30h - Grupo de animación infantil BARAFUNDA TEATRO coa obra "Xan das Ondas"

Sábado 27 de Maio - Casa Cultural de Salvaterra

18:30h - Grupo de teatro infantil ATA SEMPRE coa obra "Planeta Bugallo"

Organiza:  ATA Asociación Teatral de Alxén

Colaboran:  CONCELLO SALVATERRA DE MIÑO  DEPUTACIÓN PONTEVEDRA 



VI FEIRA DE CANS

V XORNADA GASTRONÓMICA DO XABARÍN

CAMPO DA TELLEIRA - ARBO (PONTEVEDRA)

DOMINGO 11 de XUÑO de 2017

As 9,00 h. Apertura do recinto e chegada dos participantes cos cans.

De 10,00 h. a 14,00 h. Exposición de Cans

- Exhibición de Agility
- Tiro con Arco
- Probas de cans de coellos en parque cerrado

As 14,00 h. Entrega de Trofeos os mellores Cans.



Degustación gratuita de xabarín, coa adquisición de bebida Pulpo do Baranda

Información e reserva de galeos: 986 665 000 (Victor)
Móbil: 663 858 178 (Odón)

 ORGANIZA: Concello de Arbo
 TECOR Santa Bárbara Arbo-As Neves
 COLABORAN: ARION
 Federación Galega de Cans de Pontevedra
 ASOCIACIÓN DE CRIADORES DE CANS DE PONTEVEDRA

PONTEAREAS PADRONS

Festas na honra a **Virxe da Saude e Espírito Santo**

Os días 2, 3 e 4 de Xuño de 2017

Venres 2 **Barón Rojo** grupo **America**

Sábado 3 As 12:00 h., Misa Solemne con procesión acompañada polo GRUPO OS QUINTUZAROS DAS CORTELLAS (Padrons)
Pola noite **FUNÇÃO PÚBLICA** **Anamio**

Domingo 4 As 13:00 h., Misa Solemne cantada pola Coral da Asociación CULTURAL DE REBOREDA con procesión acompañada polo GRUPO FOLCLORICO SAN SALVADOR DE PADRONS
A partir das 18:00 h., concerto da **BANDA DE MÚSICA UNION DE GULANS** e a actuación do grupo de acordeóns **BRISAS DE BOUZAS**

GRAN APARCAMIENTO - EN CASO DE MAL TEMPO HABERÁ UNHA CARPA